

# **HISTORIA • 13**

**FELIPE CASTRO PÉREZ**

Vicente Risco, 2, 1º dereita. Ourense

32001 Ourense

Teléfono: 988215861/639413490

**EN TORNO Ó ELDUAYENISMO: REFLEXIÓNS SOBRE A POLÍTICA  
CLIENTELISTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. 1856-1879**

## CONSELLO EDITOR:

**Xoaquín Álvarez Corbacho,**  
Economía Aplicada. UC;  
**Manuel Antelo Suárez,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Juan J. Ares Fernández,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Xesús Leopoldo Balboa López,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**Xosé Manuel Beiras Torrado,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Joam Carmona Badía,**  
Historia e Institucións Económicas. USC;  
**Luis Castañón Llamas**  
Economía Aplicada. USC;  
**Xoaquín Fernández Leiceaga,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Lourenzo Fernández Prieto,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**Ignacio García Jurado,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**Mª do Carmo García Negro,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Xesús Giraldez Rivero,**  
Historia e Institucións Económicas. USC;  
**Wenceslao González Manteiga,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**Manuel Jordán Rodríguez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Rubén C. Lois González,**  
Xeografía. USC;  
**Edelmiro López Iglesias,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José A. López Taboada,**  
Historia e Institucións Económicas. USC;  
**Alberto Meixide Vecino,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Emilio Pérez Touriño,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Miguel Pousa Hernández**  
Economía Aplicada. USC;  
**Albino Prada Blanco,**  
Economía Aplicada. UV;

**Carlos Ricoy Riego,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**José Mª da Rocha Álvarez,**  
Fundamentos da Análise Económica. UV;  
**Xavier Rojo Sánchez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José Santos Solla,**  
Xeografía. USC;  
**Juan Surís Regueiro,**  
Economía Aplicada. UV;  
**Manuel Varela Lafuente,**  
Economía Aplicada. UV;

## COORDINADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**

Juan J. Ares Fernández

- **Área de Economía Aplicada**

Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**

Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**

Rubén C. Lois González,

## ENTIDADES COLABORADORAS

Fundación Caixa Galicia  
Consello Económico e Social de Galicia  
Fundación Feiraco  
Instituto de Estudos Económicos de  
Galicia Pedro Barrié de la Maza

**Edita:** Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela

**ISSN:** 1138 - 2694

**D.L.G.:** C-1686-97

## **“EN TORNO Ó ELDUAYENISMO: REFLEXIÓNS SOBRE A POLÍTICA CLIENTELISTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. 1856-1879”.**

RESUMO: “Este artigo céntrase no estudio dunha facción política do século XIX: o elduayenismo. Imos analizar as súas actividades políticas durante o Sexenio e os momentos iniciais da Restauración. Prestaremos especial atención a aspectos como a súa participación nos negocios ferroviarios, a composición do grupo, a dinámica do favor como centro das súas actividades ou as loitas faccionais entre os distintos grupos de poder existentes na provincia de Pontevedra durante a etapa previa ás eleccións de 1879. Remataremos cuns breves apuntes sobre os atrancos atopados no proceso de construción dos caminos de ferro galegos”.

ABSTRACT: “This article is centered in the study of a political faction of the XIX century: the “*elduayenismo*”. We will analyze their political activities during the “*Sexenio*” and the initial moments of the “*Restauracion*”. We will pay special attention to aspects like their participation in the rail business, the composition of the group, the dynamics of the favor like center of their activities or the fights faccionales among the different existent groups of power in the county of Pontevedra during the previous stage to the elections of 1879. We will conclude with some brief notes on the problems found in the process of construction of the Galician railroad”.

PALABRAS CLAVES: Elduayenismo, ferrocarril, corrupción, clientelismo, conflicto faccional.

KEYBOARDS: Elduayenismo, railroad, corruption, clientelismo, conflict faccional.

A finais do século XIX asistimos no mundo occidental á aparición dun Estado forte, encargado de moitas máis funcións civís e cunhas infraestructuras que penetraban con eficacia en todo o territorio. A característica fundamental do novo Estado-Nación foi o continuado aumento das súas funcións civís, contrarrestado na maioría de países pola diminución, en proporción, dos gastos militares, debido ó descenso da frecuencia e duración das guerras europeas. Na súa substitución destacáronse dúas áreas fundamentais de crecemento: a construción dos ferrocarrís e a educación, seguidas doutras como os servicios postais e telegráficos ou outros servicios administrativos de tipo económico<sup>1</sup>. As causas do fenómeno

---

<sup>1</sup>Isto non entra en contradición co predominio da ideoloxía liberal na Europa do século XIX, xa que nin os partidarios máis radicais do “*laissez-faire*” dubidaban da necesidade de certa intervención estatal. O propio Adam Smith quería que o Estado proporcionase os bens públicos que os actores privados non tiñan interese en financiar: defensa exterior, seguridade interior, educación e rede de camiños. Engadindo o ferrocarril, temos os logros do Estado decimonónico.

anterior búscanse arredor de dous motivos fundamentais: a institucionalización da cidadanía e a industrialización capitalista, que levou ó aumento dos poderes infraestructurais do Estado, á integración económica nacional e á incorporación do modelo da burocracia dos negocios (Mann, 1997: 488-500).

Só co incremento das funcións civís do Estado podemos empregar o concepto de burocracia no senso moderno que lle deu a socioloxía weberiana. Este é un termo cun atributo que hai que destacar: aquel polo que se presupón que administración e política son realidades separadas. Antes no Estado só existía unha elite, composta por un reducido conxunto de privilexiados que traballaban nos cargos máis elevados e un pequeno grupo de importantes funcionarios rexionais. Tratábase de nobres privilexiados e da súa clientela que, en xeral, disfrutaban desa posición por herdanza. Na actualidade a administración do Antigo Réxime pareceríanos só un xeito de corrupción, pero no seu contexto foi un modo de representación administrativa que moderou o despotismo real permitindo ás faccións de notables locais e rexionais compartir, e incluso dominar, os poderes do Estado Moderno<sup>2</sup>. A burocratización, ó favorecer o illamento da administración respecto á sociedade, foi un paso transcendental na conformación definitiva dos Estados-Nación, ó aumentar o poder infraestructural do Estado e a súa independencia. Mais en moitos lugares este paso deuse imperfectamente ó ser soslaiado polo fenómeno do clientelismo político.

Podemos preguntarnos en que medida o Estado español do século XIX se atopaba no camiño descrito pola socioloxía política anglosaxona para o conxunto dos países occidentais. Sen necesidade de profundos análises baseados na profusión de datos cuantitativos resulta evidente que se o nacemento do Estado tal e como o coñecemos foi consecuencia do aumento do seu poder infraestructural, moi en relación co proceso de industrialización, a moi constatada debilidade e atraso de tal proceso no noso país tivo que traer consigo necesariamente consecuencias na construción dese Estado-Nación.

Efectivamente, aínda quedaba moi lonxe a presenza dun poder central con capacidade para imporse sobre o conxunto de realidades locais que dominaban a paisaxe política do momento. Pero o Estado de finais do XIX tampouco era o do Antigo Réxime. Non só cambiaran as estruturas de goberno e o marco legal básico coa adopción de formulacións políticas liberais en Constitucións, Códigos Civís e demais textos fundamentais. Tamén se

---

<sup>2</sup>Son varias as obras nas que se reflexiona sobre o senso das actuacións de protección clientelar e favoritismo en relación co poder antes do establecemento do sistema liberal, normais nun contexto estamental e de privatización das funcións públicas (Quintanilla Raso, 1997: 15-50; Pérez Picazo e Lemeunier, 1986: 105-129; Durand, 1981). A través das páxinas escritas por Pegerto Saavedra podemos observar como as relacións patrón-cliente e os

deran pasos, aínda que moi tímidos, na senda do aumento dos poderes infraestructurais do Estado e na maior orientación civil do gasto público, cunha forte presenza neste capítulo do diñeiro dedicado á meirande obsesión da época: as obras públicas (Comín Comín, 1997).

A Administración do Estado crecía, só que, como analizaremos máis adiante, non se daba convertido nunha burocracia auténtica porque o caciquismo, a política do favor, facía que funcionarios de correos e telégrafos, mestres, militares, enxeñeiros públicos e mesmo cregos estivesen máis ó servicio do patrón clientelar a quen lle debían ó posto que do resto da colectividade. Aínda así había conciencia de corrupción, a pesar de que esta fose só un exercicio público de cinismo, como demostran as diatribas que algúns destes mesmos caciques formulaban desde as bancadas do Congreso contra unhas prácticas que ninguén criticaba no Antigo Réxime (Sierra Alonso, 1993: 403; Moreno Luzón, 1997: 148; Ortí, 1975: CXXVIII; Veiga Alonso, 1999: 167). Deste xeito, o Estado español na segunda metade do século XIX representaba o resultado dun proceso, ó de desenvolvemento do Estado-Nación, común a todo Occidente, só que neste caso imperfecto. En vías de ser pero sen ser por completo.

Non estamos afirmando a existencia na España do XIX de dous mundos aparte: un rural, atrasado, propio do Antigo Réxime, e outro urbano, capitalista e enteiramente contemporáneo. Dúas realidades opostas que necesitasen ó caciquismo como instrumento para comunicarse. Hai que fuxir da clásica contraposición entre a baixa política local e a alta política cortesán, entre a España real (sistema económico precapitalista) e a España oficial (sistema político liberal)<sup>3</sup>.

Pola contra, partimos da hipótese de que as transformacións económicas acontecidas no oitocentos tiveron que modificar toda a estrutura social e política, non só o centro do poder senón tamén ós actores e estratexias dos poderes locais. O que teríamos diante sería un Estado, suma do local e do central, imperfecto se tomamos como referencia os modelos que marcaron o norte das sociedades contemporáneas, pero xa moi distante das formulacións políticas propias do Antigo Réxime.

Neste contexto desenvolveron as súas actividades os membros das clientelas formadas en torno ó poder social e político conseguido por José Elduayen na Pontevedra da segunda metade do século XIX. Este foi o caldo de cultivo que fixo posible o nacemento do elduayenismo, en tanto que a obsesión liberal polos camiños de ferro como xeradores de

---

aliñamentos faccionais eran xa unha realidade patente na estrutura señorial e concellil da Galicia do Antigo Réxime (Saavedra Fernández, 1985: 128-142).

<sup>3</sup>Neste senso, consideramos acertada a visión adoptada por autores como Cardesín Díaz e Lago Peñas (1992); Riquer i Permanyer (1985); Yanini (1994) ou Veiga Alonso (1999).

progreso e a debilidade política que supuña a dinámica do favor e o funcionamento do sistema caciquil foron as dúas causas que permitiron a existencia deste entramado clientelar. Neste traballo comezaremos expondo dun xeito breve a importante participación desta rede clientelar no negocio ferroviario para logo centrarnos máis amplamente en varios aspectos relativos á composición e funcionamento da mesma.

Existen poucas dúbidas sobre a importancia que as elites galegas do oitocentos outorgaron ós camiños de ferro como dinamizadores da economía do país e impulsores do desenvolvemento capitalista. Para ter unha visión axeitada da realidade galega destes anos o estudio do proceso de construción do ferrocarril resulta imprescindible<sup>4</sup>.

No conxunto do Estado e, por ende, en Galicia, non se entendía a chegada do ferrocarril como “*efecto*” da prosperidade do país senón, pola contra, como a súa “*causa*” inmediata. Pierre Vilar expresouno moi ben, “*no podía esperarse que la prosperidad nacional creara los ferrocarriles: se esperó que los ferrocarriles promovieran la prosperidad nacional*” (Vilar, 1958: 72). Só despois da crise financeira de 1866, moi vinculada ó negocio ferroviario (Fontana, 1973: 107; Durán de la Rúa, 1979: 294; Tortella Casares, 1982: 194), algunhas voces comezaron a por en dúbida a relación directa entre prosperidade e ferrocarril (Veiga Alonso, 1999: 35).

Ata a década dos anos corenta o Estado español non se interesa desde o punto de vista institucional polo ferrocarril, coa promulgación en 1844 da primeira normativa ferroviaria. Este foi un tempo no que se multiplicaron as solicitudes de concesións (só en dous anos 23 liñas), aínda que delas só se chegaron a construír catro: Barcelona-Mátaro, Madrid-Aranjuez, Valencia-Xátiva e Sama de Langreo-Xixón (Artola, 1978).

Esta última liña asturiana interésanos xa que aquí é onde aparece a primeira vinculación de José Elduayen co negocio ferroviario. O obxectivo dos seus promotores era fomentar a explotación da conca mineira de Langreo e facilitar a saída do mineral ó mar. No 1845 recolleu a idea Vicente Bertrán de Lis<sup>5</sup>, que obtivo a concesión para construír unha liña

---

<sup>4</sup>Sen embargo, o ferrocarril é un dos aspectos menos estudiado de toda a historiografía galega contemporánea, sendo abordado con profundidade só por X. R. Veiga. Entre os traballos que se ocupan do tema merecen ser destacados os de J. M. Pose Antelo (1982), X. Carmona Badía (1979), X. R. Quintana Garrido (1986 e 1991) e, sobre todo, X. R. Veiga Alonso (1994, 1996 e 1999).

Pola contra, para o conxunto do Estado español si contamos cunha bibliografía bastante importante, entre a que se deben subliñar as obras de Wais San Martín (1967); Casares Alonso (1973); Artola (1978); Gómez Mendoza (1982, 1984-1985, 1989 e 1992); Hernández Sempere (1983); Hernández Sempere e Vidal Olivares (1991); Ormaechea (1989); Juez Gonzalo (1992 e 1994); González Portilla (1995) e Comín Comín, Martín Aceña, Muñoz Rubio e Vidal Olivares (1998).

<sup>5</sup>A familia Bertrán de Lis procedía de Valencia. Orixinariamente forneiros, foron ampliando os seus negocios ós suministros de trigo ó exército e á cidade durante a Guerra da Independencia ata lograr amasar unha considerable fortuna. Formaron unha extensa rede clientelar á que utilizaron despois para propósitos políticos, e á que

de Xixón a Sama de Langreo. Esta compañía foi apoiada a finais da década dos corenta moi fortemente polo entón dominante moderantismo, no que militaban os Bertrán de Lis, permitíndolle superar a primeira crise importante do capitalismo español.

Elduayen neses anos comezaba a súa carreira na función pública, como responsable de Obras Públicas en Xixón. Cónstanos que colaborou activamente na empresa dos Bertrán de Lis lucrándose co negocio. Deste xeito o xovén enxeñeiro entrou en contacto por primeira vez co mundo da especulación ferroviaria comprendendo, á vez, o clientelismo como unha realidade que non só permitía acadar poder senón tamén importantes beneficios económicos. Estamos nas orixes máis remotas do clientelismo elduayenista<sup>6</sup>.

Despois de varios anos de desorde legal, no que se sucederon as solicitudes de liñas sen resultados tanxibles, a promulgación o 3 de xuño de 1855 da Lei Xeral de Ferrocarrís vai ter unha grande importancia. Ademais das novas normas en materia ferroviaria, a lexislación de sociedades anónimas do Bienio Progresista permitiu a creación de bancos que actuaron como intermediarios eficaces levando recursos financeiros á construción das redes férreas. A principal forma de obter financiamento foi a emisión de títulos de renda fixa, moi maioritariamente subscritos por inversores franceses (Tortella Casares, 1993: 9-167).

O 21 de abril de 1858 converteuse en lei o proxecto de vía galega, clasificada de primeira orde, e que desde Palencia e atravesando León bifurcábase en Monforte en dous ramais, o de A Coruña e o de Vigo<sup>7</sup>. En torno a este proxecto formáronse dúas compañías: a Compañía do Noroeste, encargada dos tramos Palencia-León, León-Xixón, León-Monforte e

---

pertenceron personalidades do renome de Juan Álvarez Mendizábal, que comezou como empregado da sucursal gaditana dos Bertrán de Lis (Ardit Lucas, 1993: 272-273).

<sup>6</sup> No momento da morte da súa primeira esposa, Dona María del Carmen Martínez Montenegro, finada o 11 de novembro de 1862, Elduayen posuía 134 accións do ferrocarril de Langreo valoradas (engadíndolle o 41% repartido en accións sobre aquela suma nos anos 1851, 1852 e 1858) en 89.746 pts. No seu testamento, datado no 1897, disenos que esta cantidade foina invertendo en operacións de valores do Estado e en accións do Banco de España. A principios da década dos sesenta o total do seu capital estaba valorado en 3.125.851 pts., co que estas accións só supuña o 2,87%, mais hai que ter en conta o importante peso que nesa data tiña a súa participación na MZOV e que a construción do ferrocarril asturiano xa rematara. Por entón Elduayen tamén tiña diñeiro invertido en tres minas asturianas por un valor total de 16.750 pts. Á súa morte, en 1898, só se atoparon no seu poder 7 accións do ferrocarril de Langreo, valoradas en 3.325 pts.; títulos da MZOV que importaban 27.009 pts.; 100 accións de Compañía do Norte por valor de 28.915 pts., que foran depositadas na dita compañía para garantir o cargo de vicepresidente que desempeñou Elduayen e 4 bonos da Compañía de Ferrocarril de Asturias, Galicia e León que ascendían a 500 pts. En total posuía 59.749 pts. invertidas en empresas relacionadas co ferrocarril, o 0,55% dun capital valorado en 10.823.300,56 pts. e conseguido en boa medida gracias a actividades especulativas relacionadas coa MZOV. “Primera copia parcial de la escritura de aprobación de las operaciones de testamentaria practicadas por fallecimiento del Excmo. Sr. D. José Elduayen y Gorriti, marqués del Pazo de la Merced. Hija de del heredero Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, marqués de Valladares, expedida en Madrid á 11 de julio de 1901 por Don Dario Bugallal y Araujo”. Marq. Mos 12. Arquivo Municipal de Vigo, en adiante A.M.V.

<sup>7</sup> Antes da súa aprobación a lei estivo a estudio por unha comisión parlamentaria na que Elduayen era o secretario mentres outro político galego de importancia, Cándido Necedal, exercía a presidencia. *DSC.CD*, 4-III-1858, p. 299. Citado de Veiga Alonso (1999: 80).

Monforte-A Coruña, e a MZOV, concesionaria da liña entre Vigo-Ourense e Ourense-Monforte e que tamén posuía o tramo Medina do Campo-Zamora. Isto último porque a idea da empresa era a unión Zamora-Ourense a través das Portillas, unha saída á Meseta desde as Rías Baixas moito máis directa que a de Palencia pero que, á vez, implicaba grandes dificultades técnicas, sendo rexeitada por diversas comisións de enxeñeiros e non atopando concreción práctica ata 1954-1958 (Menéndez e Cordero, 1978: 257).

A MZOV xurde dunha carta convenio feita o 12 de novembro de 1861 entre Rafael Bertrán de Lis, Luís Bertrán de Lis e José Elduayen para crear unha sociedade que construíra e explotara o ferrocarril de Medina do Campo a Zamora, na que se acordou que o beneficio se repartise a partes iguais entre os tres socios<sup>8</sup>. A empresa neses primeiros anos da década dos sesenta logrará tamén a cesión do tramo Vigo-Ourense-Monforte da vía galega por parte do promotor ferrolán Juan Flórez. Por entón as redes clientelares elduayenistas xa estaban conformadas e traballaban nas institucións locais a favor da empresa do seu patrón na busca duns beneficios dos que seguramente todos, en maior ou menor medida, participaron. Así, en outubro de 1862 aparece a Deputación de Pontevedra subscribindo 3.158 accións da MZOV para auxiliala, por valor de 1,5 millóns de pesetas<sup>9</sup>. Ó ano seguinte Ramón Lafuente, por aquel entón alcalde de Vigo, escribe ó gobernador civil da Unión Liberal, recordándolle a importancia das eleccións provinciais para Elduayen, *“U. comprenderá muy bien que la elección de diputados provinciales es de vida o muerte para Elduayen y sus compañeros del ferrocarril... precisan de su devoción para que les anticipen fondos, y les hagan las cosas que U. sabe mejor que yo... De ahí se trajo a los Verdás, y tengo entendido que como Director de caminos vecinales los manda a Bayona, Nigrán y Gondomar para hacer ver a aquellos habitantes que puede algo, por que empezarán a trazar líneas imaginarias con el objeto de entretenerlos y engañarlos”*<sup>10</sup>.

O 2 de novembro de 1865, unha vez feito o tramo Medina do Campo-Zamora, Rafael Bertrán de Lis realizou un balance da situación económica da empresa, resultando un

---

<sup>8</sup>“Primera copia parcial de la escritura de aprobación de las operaciones de testamentaria practicadas por fallecimiento del Excmo. Sr. D. José Elduayen y Gorriti, marqués del Pazo de la Merced. Hijuela del heredero Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, marqués de Valladares, expedida en Madrid á 11 de julio de 1901 por Don Dario Bugallal y Araujo”. Marq. Mos 12. A.M.V.

<sup>9</sup>“*El Radical*”. N.º. 29. 21-V-1871. Citado de Veiga Alonso, 1996: 54.

<sup>10</sup>Arquivo da Deputación de Pontevedra. 6/81. Elecc. D. P. 1863. De Ramón Lafuente ó gobernador civil de Pontevedra. 24-X-1863. Citado de Taboada Moure, 1987: 35-37.

Pensamos que o elduayenismo controlaba, polo menos a nivel provincial, o distrito de Vigo desde o 1856, xa que ese ano aparece como deputado provincial o marqués de Valladares e, de 1858 a 1863, Joaquín Yáñez Rodríguez, figura destacada a nivel local do partido moderado que a principios da década dos noventa mantiña un contacto directo con Elduayen desde o seu posto de alcalde de Vigo. En 1865 Yáñez Rodríguez acada a representación do distrito de Tui.



beneficio de 3.364.806 pts. Este documento atópase na declaración de quebra que el e os seus irmáns deron o 4 de novembro de 1865 ante o Tribunal de Comercio de Madrid. O tercio que correspondía a Elduayen ascendía, polo tanto, a 1.121.602 pts., sendo o único socio que non converteu en efectivo as súas utilidades<sup>11</sup>.

A partir de entón asumiu totalmente o control da empresa. Entre 1871 e 1874 cóstanos que a MZOV traballou arreo co obxectivo de rematar o traxecto Vigo-Ourense. No obstante, en decembro de 1873 suspendéronse os traballos entrando a compañía nun momento especialmente difícil no que Elduayen a piques estivo de abandonar<sup>12</sup>. En marzo de 1874 a MZOV, que conseguira una nova prórroga para finalizar a construción, estaba en quebra e Elduayen pensaba que o mellor era que os traballos fosen rematados pola administración<sup>13</sup>. No 1877 acadouse, de novo, prórroga, de un ano para o tramo Vigo-Tui e de dous para o Tui-Ourense, mais as obras continuaron practicamente paralizadas<sup>14</sup>.

Isto lévanos directamente ó tema das vías de financiamento da MZOV. Segundo Xoán Carmona esta compañía nutriuse fundamentalmente de capital catalán, o que pon en relación cunha posible busca de novos mercados para a súa produción téxtil. Barcelona era a sede do Comité de Obrigacionistas da empresa (Carmona Badía, 1990: 210). Despois dos atrancos que estamos analizando a apertura das liñas de Monforte-Ourense-Vigo e o enlace desta última con Portugal vai ser posible gracias ó contrato que a compañía realiza coa Sociedade Catalana Xeral de Crédito o 27 de decembro de 1879<sup>15</sup>. Este foi o momento no que Elduayen fixo

---

<sup>11</sup> “Primera copia parcial de la escritura de aprobación de las operaciones de testamentaria practicadas por fallecimiento del Excmo. Sr. D. José Elduayen y Gorriti, marqués del Pazo de la Merced. Hijuela del heredero Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, marqués de Valladares, expedida en Madrid á 11 de julio de 1901 por Don Dario Bugallal y Araujo”. Marq. Mos 12. A.M.V.

<sup>12</sup>De Eduardo de Miera a José Elduayen. 17-II-1874. Vall. 5. A.M.V.

<sup>13</sup>De Eduardo de Miera a José Elduayen. 22-III-1874. Vall. 5. A.M.V.

Esa prórroga fora concedida polo galego Tomás María Mosquera, por entón ministro de Fomento con Serrano. Á liña Ourense-Vigo daráselle ata o 31 de marzo de 1875 na súa sección Tui-Vigo e ata o 31 de marzo de 1876 na Tui-Ourense. “Decreto prorrogando el plazo señalado en el artículo 4.º de la ley de 18 de Octubre de 1869 para concluir y entregar á la explotación de los ferro-carriles de Asturias y Galicia por el tiempo y las prescripciones que se fijan”. 15-III-1874. *Gaceta de Madrid*. 1874. Primeiro trimestre. Páx. 662-663. A.M.V.

<sup>14</sup>“Ley concediendo prórroga de los plazos para concluir y poner en explotación las secciones de Vigo á Tuy y de este punto á Orense, pertenecientes al ferro-carril de Orense á Vigo”. 5-I-1877. *Gaceta de Madrid*. 1877. Primeiro trimestre. Páx. 42. A.M.V.

<sup>15</sup>“Numerosas han sido las prórrogas que para terminar las obras del ferro-carril de Orense á Vigo viene disfrutando la Empresa concesionaria. Hoy se pretende una nueva de dos años, y natural parecería optar por la negativa, si sólo se atendiese al tiempo que viene durando la construcción y á la ineficacia de las prórrogas anteriormente concedidas. Sin embargo, examinada detenidamente la instancia que presenta la Compañía concesionaria con fecha 5 del presente mes y la copia del contrato de construcción que ha celebrado con la Sociedad Catalana de Crédito, se viene en conocimiento de que no será estéril la nueva prórroga que se solicita, y de que existen fundadas esperanzas para la realización pronta de esta importante línea”. “Real Decreto autorizando al ministro de Fomento para que presente á la deliberación de las Córtes un proyecto de ley prorrogando el plazo para concluir y poner en explotación toda la sección de Orense á Tuy en el ferro-carril de Orense á Vigo” e “Proyecto de ley á que se refiere el Real decreto precedente”. 13-VI-1879. *Gaceta de Madrid*. 1879. Segundo Trimestre. Páxs. 805-806. A.M.V.

efectivas as utilidades que lle correspondían recibindo, sen renunciar ós beneficios da liña de Ourense a Vigo nin á participación do tercio nos de Medina a Zamora, 2.493.204 pts., que, por certo, inverteu integramente na adquisición de solares en Madrid<sup>16</sup>. A liña entre Ourense e Vigo comezou a ser explotada en xuño de 1881.

O termo clientelismo é empregado para denominar o intercambio institucionalizado e duradeiro de recursos desiguais entre dous tipos de actores, patróns e clientes, que forman asociacións verticais, as clientelas, para diversos fins (Moreno Luzón, 1996: 169). Unha definición como esta, compartida nos seus trazos xerais por un grande número de especialistas (Legg e Lemarchand, 1972; Lande, 1973; Schmidt *et all*, 1977; Wolf, 1980; Eisenstadt, 1984; Zuckerman, 1986; Gellner *et all*, 1986; Papadopoulos, 1993) presenta o problema de que o seu grao de xeneralidade lle permite ser válida en contextos espaciais, temporais e culturais tan diversos que a súa aplicación a circunstancias concretas queda desvirtuada.

Nos seguimos o enfoque do profesor Ramón Máiz quen, tentando superar esta eiva do concepto, propuxo unha definición do fenómeno na que se delimita e reduce a súa estrutura e natureza aumentando á vez a súa “*intensión*”, isto é, o número de propiedades do clientelismo. Para elo integra a parte “*micro*” da relación patrón-cliente na parte “*macro*” da mesma: relacións no sistema político. Despois leva a estrutura clientelar (actores e estratexias) cara ó funcionamento global do sistema de poder nun marco espacial e histórico concreto. É a estrutura clientelar a que favorece a mobilización individual utilitaria e racional por medio do xogo de incentivos selectivos ofrecidos polos patróns. A existencia de patróns locais vinculados a un partido ó que ceden a súa clientela a cambio de status, bens ou servicios, outorga a este unha forte compoñente clientelar na que priman os incentivos selectivos materiais para a reprodución de lealdades e a permanente adaptación ó contexto. Delo deriva o peso das faccións clientelares na vida interior do partido e o papel que desempeña a vida política local no sistema político no seu conxunto (Máiz Suárez, 1996: 43-45).

Un aspecto do clientelismo do século XIX que nos resulta especialmente interesante é a caracterización sociolóxica dos integrantes destas estrutura de poder. No caso concreto da rede clientelar tecida por José Elduayen atopámonos cunha caracterización maioritariamente burguesa.

---

<sup>16</sup>“Primera copia parcial de la escritura de aprobación de las operaciones de testamentaria practicadas por fallecimiento del Excmo. Sr. D. José Elduayen y Gorriti, marqués del Pazo de la Merced. Hijueta del heredero Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, marqués de Valladares, expedida en Madrid á 11 de julio de 1901 por Don Dario Bugallal y Araujo”. Marq. Mos 12. A.M.V.

Así, a alta burguesía da cidade de Vigo tivo unha presenza que merece ser subliñada. Antonio López de Neira foi un dos principais inversores dentro do capitalismo vigués. Participa no negocio do transporte marítimo de emigrantes e cando as grandes compañías monopolizan este mercado adáptase, pasando a ser representante da Compañía Transatlántica do marqués de Comillas e conselleiro da sucursal do Banco de España en Vigo. Industrialmente sitúase en vangarda, destacando pola súa capacidade de innovación ó ser un dos primeiros empresarios en aplicar a electricidade nas súas fábricas. Non era o único membro da burguesía viguesa cunha participación activa. Outro navieiro, Fernando Conde, tamén se atopa dentro desta estrutura clientelar. Terminados os seus estudos de bacharelato en Bilbao e Comercio en Inglaterra, incorpórase á empresa de seu pai<sup>17</sup>. No 1895 accede á alcaldía da cidade. Outro caso significativo é o de Manuel Barcena Franco, descendente dunha familia pertencente á fidalguía viguesa. Despois de ser enviado a estudar a Inglaterra, ó volver funda a Banca Barcena. En política ten unha traxectoria un tanto estraña, pasando dunha inicial filiación radical no Sexenio a ser un dos principais notables do partido conservador en Vigo durante a Restauración. Chegou a ser deputado, presidente da Deputación Provincial e senador vitalicio, así como alcalde de Vigo e presidente da Cámara de Comercio. A documentación manexada ofrece abondosas probas que demostran como a unión entre este sector do novo capitalismo vigués e as elites políticas restauracionistas permitiu á alta burguesía conservadora beneficiarse das vantaxes que proporcionaba a capacidade das redes clientelares dirixidas por Elduayen para condicionar as decisións dos órganos estatais<sup>18</sup>.

Pero a fracción social que ten unha maior representación dentro do clientelismo conservador é a dos “*profesionais*”. Para definir esta categoría social dun modo axeitado asumimos como propia a crítica que a socioloxía política anglosaxona realiza á investigación histórica, á que acusa de non prestar a suficiente atención ó protagonismo e complexidade da chamada “*clase media*”. Pola nosa parte imos adoptar o modelo elaborado por Michael Mann (1997: 716-744), quen diferencia tres fraccións dentro da clase media, unidas pola súa participación segmental no Estado e no capitalismo: a.- “*Pequena burguesía*”. Posúen e controlan os medios de produción e o seu traballo, pero non empregan masivamente man de

---

<sup>17</sup>Na prensa do momento atopamos os destinos da navieira dos Conde, resultando estes moi significativos: Santiago de Cuba, Bos Aires e Montevideo. Hai que lembrar a importancia do transporte de emigrantes para o desenvolvemento da cidade de Vigo. En calquera número de “*Faro de Vigo*” de 1891 pódese atopar un anuncio da compañía de Antonio Conde e fillos onde se indican as súas liñas nacionais e internacionais.

<sup>18</sup>Por exemplo, Fernando Conde pide a Elduayen que o marqués de Comillas lle conceda o servizo de gabanaxes e de lancha de vapor da Compañía Transatlántica no porto de A Coruña para unha das súas filiais. De Fernando Conde a José Elduayen. 29-X-1896. Vall. 7. A.M.V.

obra asalariada senón que se basean no traballo familiar e particularista. b.- “*Empregados de carreira*”. Individuos que traballan nas organizacións xerárquicas das corporacións capitalistas e das distintas burocracias do Estado. O que os distingue é a súa permanencia dentro dunha escala xerárquica, segmental e disciplinada. No noso caso ó acceso á administración do Estado era outorgado como un favor polos patróns, o que reforza as posibilidades de control segmental por parte destes últimos. c.- “*Profesionais*”. Trátase de individuos que posúen unha alta especialización educativa e que están colectivamente organizados en ocupacións autorizadas polo Estado. Caracterízanse pola posesión duns coñecementos relevantes e socialmente valorados. Terán unha maior ou menor autonomía e poder social dependendo da capacidade dos usuarios para organizar a demanda de tales coñecementos. Os usuarios, nunha sociedade capitalista plenamente desenvolta, son de tres tipos: clase media e burguesía, empresa capitalista e Estado; por exemplo, os avogados conservan mellor a súa autonomía que outros colectivos porque demandan os seus servicios sectores sociais amplos (na Galicia do XIX os labregos eran os seus clientes máis importantes desde o punto de vista cuantitativo), o que fai que teñan unha menor dependencia do Estado. Os profesionais soen ser aliados do capitalismo e do Estado en canto prestan servicios de clase e se benefician do sistema capitalista.

A ampla maioría de individuos que formaban esta rede clientelar eran profesionais, principalmente avogados (Sabino González Besada, Manuel Rodríguez Cadabal e Joaquín Yáñez Rodríguez), aínda que tamén enxeñeiros (José Areal) ou médicos (Marcelino Astray de Canedo e Luís Ozores). O propio “*xefe político*”, José Elduayen, entra na escena local como enxeñeiro, aínda que por vía matrimonial e pola súa propia actividade política e empresarial rematará sendo un aristócrata.

No modelo interpretativo exposto anteriormente os profesionais disfrutaban de poder social en función de tres variables: a valoración social dos seus coñecementos especializados; a súa capacidade de organización colectiva para defender os seus intereses de profesión e o maior ou menor grao de control autoritario da demanda por parte do Estado, a burguesía ou a empresa capitalista. Se analizamos estas variables na sociedade galega de finais de século atopámonos cunha alta valoración social e unha práctica ausencia de demanda por parte dunhas inexistentes corporacións capitalistas, mentres que a debilidade do Estado impedíalle exercer un forte poder autoritario ata sobre os seus propios órganos. O resultado foi a incorporación segmental dos profesionais ás redes de poder clientelares, nas que terán un papel protagonista dispendo, á vez, de recursos para aumentar o seu poder social.

Dentro destas elites políticas locais vai ter tamén certa importancia a participación dos antigos Señores da terra, agora convertidos en propietarios, aínda que o seu papel fora moito menor que o do grupo anterior. Destaca a relación do elduayenismo coa Casa de Valladares. O propio Elduayen casou en primeiras nupcias cunha filla de Francisco Javier Martínez de Arce, VII marqués de Valladares, deputado e senador na etapa isabelina.

A conclusión principal é a coincidencia de intereses políticos entre os antigos señores, os profesionais liberais e a alta burguesía capitalista. Atopámonos ante unha organización política que non responde para nada ós esquemas que falan da existencia dun conflito de clases entre os grupos rendistas pasivos e a burguesía emerxente; máis ben temos un grupo que, como a sociedade na que desenvolvía as súas actividades, estaba dominado por estruturas segmentais. Todo isto non deixa de representar outra proba da inmensa capacidade de adaptación dos antigos grupos dominantes, que se funden cos representantes do capital e os posuidores de coñecementos profesionais especializados nunha nova clase gobernante.

Nun traballo anterior prestamos atención a aspectos tratados a cotío pola historiografía atenta ó caciquismo decimonónico como poden ser a imbricación das clientelas dentro da estrutura do Estado, co seu dominio de tódalas institucións políticas, desde os concellos ó Congreso; o papel central que representaba a figura do gobernador civil dentro de entramado de poder local ou a importancia de dominar a xustiza local (Castro Pérez, 1999: 105-111). Alí tamén abordamos a transcendencia da política do favor para a formación e a sustentación do clientelismo político. Sen embargo non o fixemos coa suficiente profundidade, sendo un fenómeno recoñecido como mecanismo clientelar básico por un grupo importante de investigadores (Sierra Alonso, 1992 e 1996; Moreno Luzón, 1997: 151; Zurita, 1994: 823; Aguirre, 1981: 79; Musella, 1994: 72; Banti, 1995: 205).

Se algo está nitidamente claro en relación á problemática clientelar é que a función principal do patrón político no XIX era ser unha fonte de favores. Estes, no noso caso, practicamente nunca proviñan da utilización arbitraria dos recursos sobre os que Elduayen tiña control directo (padroádego), senón dos seus contactos estratéxicos con aquelas persoas ou institucións que posuían recursos, xa fosen entes privados ou, sobre todo, o Estado (intermediación). Isto non significa que clientes de Elduayen que, á vez, controlasen redes clientelares de poder integradas na facción elduayenista, non empregasen as estratexias propias do padroádego. Sen embargo dos datos que polo de agora nos é dado coñecer tiramos a conclusión de que entre o elduayenismo o máis frecuente era a consecución de favores

administrativos por medio da manipulación das decisións da maquinaria estatal que lles permitía a influencia política do seu líder.

As elites locais vían en Elduayen un medio para acadar recomendacións e para que, tanto a xustiza como as institucións políticas, tomasen as súas decisións tendo en conta os desexos dos distintos caciques. A mobilización política, máis que pola busca duns intereses colectivos ou pola alta dispoñibilidade dos actores, producíase pola capacidade do patrón para proporcionar beneficios ós seus clientes, para outorgarlles eses “*incentivos selectivos*” dos que nos fala a teoría da lóxica da acción colectiva (Olson, 1992).

No A.M.V. atópanse gardadas 446 cartas escritas a José Elduayen en toda a década dos setenta do XIX. Delas 106, un 23,66%, inclúen solicitudes ó cabeza da rede clientelar para que mediatice decisións que, moi maioritariamente, debían de tomar institucións públicas, en favor dos seus “*amigos*”<sup>19</sup> ou o agradecemento pola toma de tales resolucións<sup>20</sup>.

Respecto á tipoloxía destes favores, establecemos varias categorías en función do organismo que vise as súas decisións manipuladas polas redes do clientelismo elduayenista. Como se pode observar na Táboa 1 o dominio da Administración Civil era practicamente absoluto, próximo ó oitenta por cento. Nestas cartas atopamos peticións de axuda para colocarse na Administración do Estado<sup>21</sup>. A isto débense engadir as solicitudes de traslados (12) e de ascensos (5)<sup>22</sup>. Tamén resultan moi importantes, dentro deste apartado dedicado á Administración Civil, as misivas nas que o que se tentaba era modificar decisións do

---

<sup>19</sup>Nun 96,22% dos casos mentres que só en 4 casos as peticións se refiren a favores privados: 3 sobre colocacións na MZOV, compañía ferroviaria que se ben cualificamos como privada tamén poderíamos situar no ámbito do público tendo en conta a súa dedicación ás obras públicas e a participación de institucións do Estado no seu financiamento, e un para a Casa do marqués de Vega de Armijo.

Xosé Ramón Veiga chegou a conclusións moi semellantes ó estudar as recomendacións realizadas ó Conde de Pallares durante o tempo que representou ó distrito de Mondoñedo nos anos sesenta do século XIX. Deste xeito, na súa mostra máis do 95% son solicitudes que gardan relación con dependencias integradas no organigrama burocrático do Estado (Veiga Alonso, 1999: 166).

<sup>20</sup>Cronoloxicamente esta mostra dividise do seguinte xeito: 26 cartas no 1871, 37 no 1872, 4 no 1874, 1 no 1876, 27 no 1878 e 11 no 1879. Todas elas pódense atopar dentro do A.M.V., nas caixas Vall. 4, Vall. 5 e Vall. 6.

Temos indicios que nos levan a pensar que aínda que o número de recomendacións recollidas é bastante grande na realidade os “*favores*” debidos a Elduayen nesta etapa deberon de ser moito maiores. Así, do ano 1873 ó 1877 practicamente non temos ningún caso, debido á non conservación de correspondencia dese período. Víctor Noboa Limeses, un dos eixes do clientelismo elduayenista recoñecía en xuño de 1878 desde Ourense que “*diariamente. me vienen unas 20 ó 30 cartas de la prova. sobre pretensiones, y no quieren hacerse cargo que uno no puede ya atenderlas con la actitud de antes*”. De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 16-VI-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>21</sup>O 40,96% das 83 referidas á Administración Civil. Desta porcentaxe o 32,35% foron escritas por cesantes, algo lóxico se temos en conta que durante estes anos desenvolveuse a experiencia do Sexenio coas conseguíntes purgas administrativas. Sobre as implicacións económicas e sociais (descenso da consideración pública) das cesantías ten un traballo interesante Albuera Guiraldos (1990).

<sup>22</sup>Dentro do xenérico traslados incluimos as peticións directas ou a través de terceiras persoas dos funcionarios interesados en achegar o seu posto de traballo ó seu domicilio, sendo moitas veces ese distanciamento produto de represalias tomadas en situacións políticas adversas. Deste xeito, moitas destas xestións cumprían a dobre

ministerio de Ultramar, carteira desempeñada por Elduayen nos anos 1878 e 1879<sup>23</sup>. Polo demais, temos dous membros de corporacións locais tentando que Elduayen presiónase os seus respectivos gobernadores civís para que non tomasen acordos na súa contra, peticións para que cesen funcionarios de correos e telégrafos rivais, viúvas solicitando axuda económica e pais preocupados pola futuro dos seus fillo na revalida ou nas oposicións para ingresar no corpo de mestres.

**TÁBOA 1. TIPOLOXÍA DAS RECOMENDACIÓNS OUTORGADAS POLA REDE CLIENTELAR ENCABEZADA POR JOSÉ ELDUAYEN NOS ANOS SETENTA DO SÉCULO XIX.**

<i>Tipoloxía</i>	<i>Número de recomendacións</i>	<i>%</i>
Administración Civil	83	78,31
Administración de Xustiza	7	6,6
Administración Militar	2	1,89
Concesionaria de transportes (MZOV)	3	2,83
Igrexa	10	9,43
Outros	1	0,94
TOTAL	106	100

FONTE: Selección da correspondencia de José Elduayen datada nos anos de estudio e extraída das caixas Vall. 4, Vall. 5 e Vall. 6 do A.M.V.

A moita distancia cuantitativa, pero cunha grande transcendencia política e social, o 9,43% da mostra está formado por solicitudes a Elduayen ou a persoas con acceso a el para que consiga que nobres encargados de prover unha serie de beneficios eclesiásticos elixiran de acordo cos desexos dos seus clientes. Moitos destes curatos pertencían ó marqués de Vega de Armijo. Este importante político, que disfrutaba da posesión dos marquesados de Mos e Soutomaior, na Restauración converterase en inimigo da facción liderada por Elduayen.

Por pór algún exemplo referido á virtualidade política que tiñan para os políticos do momento o sistema de provisión dos beneficios eclesiásticos, no 1871 Bernardo Pérez, empregado da MZOV e, en consecuencia, axente electoral de Elduayen, escribe a este para que presione a Vega de Armijo co fin de que o abade de Rebordechán deixara de realizar traballos electorais<sup>24</sup>. Máis común era a actitude do abade de S. Salvador de Maceira que

---

función de contentar ós apoios do distrito e de ir logrando a súa remodelación para contrólalo desde o punto de vista administrativo.

<sup>23</sup>Son 22 (o 26,50%) as cartas nas que se tenta influír na opinión de Elduayen en asuntos relativos ás colonias. Aquí incluímos tamén peticións de colocacións nas oficinas de Porto Rico, Cuba ou Filipinas.

<sup>24</sup>De Bernardo Pérez a José Elduayen. 29-XI-1871. Vall. 4. A.M.V.

ofrece, dunha maneira un tanto irreverente, a súa Igrexa como “*esta choza la que sirvio de Albergue para sus botantes en las Elecciones de Diputados*”<sup>25</sup>.

Neste senso hai que incidir sobre a virtualidade política que tivo para a nobreza a lei de desvinculación do 11 de outubro de 1820 ó dispor que os que serían sucesores nos morgados de non promulgarse a citada lei conservasen o dereito de presentación de tódolos beneficios eclesiásticos da Casa.

Non menos transcendencia teñen as cartas atopadas nas que o que se busca é condicionar o nomeamento de xuíces municipais, sobre todo porque temos a seguridade de que estas tan só representaban a punta do iceberg e de que a limpeza das decisións tomadas por un xuíz elixido por tan partidista método tiña que oscilar entre a escaseza e a inexistencia<sup>26</sup>.

Respecto ás persoas con acceso a Elduayen, na maior parte dos casos trátase de coñecidos: parentes, amizades ou “*amigos políticos*”, concepto que non se refire exclusivamente a compañeiros de partido ou a persoas que compartan unha determinada opción ideolóxica, senón incluso a rivais nas loitas electorais cos que se mantiña unha relación fluída e leal baseada no reparto de parcelas de poder. Isto especialmente no período de vixencia do sistema turnista pero, as veces, tamén antes del, dependendo sempre dos equilibrios de poder que se desen en cada espacio político concreto<sup>27</sup>. Nun 54,72% dos casos os remitentes das cartas analizadas piden favores para terceiras persoas, que, é de supor, non tiñan acceso directo ó xefe da rede clientelar. É a dinámica dos “*friends of friends*” da que nos falou Boissevain (1974). Os dous intermediarios que máis veces repiten presenza son os dous grandes creadores das maiorías electorais que permitiron a Elduayen e os seus deputados afíns sentarse no Congreso: Joaquín Vázquez de Puga na primeira metade da década, cun

---

<sup>25</sup>De Urbano Rivera a José Elduayen. 17-V-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>26</sup>Só un exemplo: o político moderado Ramón María Villar escribe desde Lalín a Elduayen porque Francisco Lajosa Diéguez, xuíz de A Cañiza cando este último era deputado por ese distrito, fora declarado cesante por R. O. do 22 de xaneiro do 1871, pedíndolle que o repoña no posto porque sempre lles servira a el e a Bugallal fielmente. De Ramón María Villar Ulloa a José Elduayen. 3-II-1872. Vall. 5. A.M.V.

<sup>27</sup>Nestas cartas aparecen os nomes de Justo Martínez ou Gaspar Massó. Un caso significativo é o de Eduardo Cobián Roffignac, importante político gamacista galego a quen atopamos no testamento de Elduayen como albacea e contador-partidor o que, necesariamente, implicaba a existencia dunha relación de amizade entre os dous. “Primera copia parcial de la escritura de aprobación de las operaciones de testamentaria practicadas por fallecimiento del Excmo. Sr. D. José Elduayen y Gorriti, marqués del Pazo de la Merced. Hija del heredero Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, marqués de Valladares, expedida en Madrid á 11 de julio de 1901 por Don Dario Bugallal y Araujo”. Marq. Mos 12. A.M.V. Segundo o “*Faro de Vigo*” no 1886 Cobián lograra a súa primeira acta de deputado polo distrito de A Cañiza por mediación de Montero Ríos. *Faro de Vigo*. “Diputados conservadores de la provincia”. 2-II-1891. No 1893 regresa ó Congreso, esta vez polo distrito de Xinzo da Limia e axudado por Adolfo Merelles (Pan Montojo, 2000: 169).



16,96% dos 106 casos, e Víctor Noboa Limeses, co 9,43%<sup>28</sup>. Varias referencias, como a recollida con anterioridade na que Noboa Limeses recoñecía que a pesar de xa non ser gobernador civil recibía unhas 20 cartas diarias solicitando recomendacións, fanos pensar que, en realidade, a actividade intermediadora destes dous vértices do elduayenismo debía ser aínda moito maior do que aquí recolleemos.

O que resulta indubidable é que, independentemente do contexto político do momento, a dinámica do favor seguiu a ser unha característica básica do sistema clientelista da época. Vázquez de Puga tiña moi claro cal era o prezo a pagar por este, *“Cierta que mis cartas ban llenas de peticiones; pero tambien lo es, que ninguna es mia; y solo sí de los electores que lo han honrado a V con sus sufragios y tienen derecho, no digo á pedirle recomendaciones, sinó dinero cuando lo necesita; porque estaban acostumbrados al Diputado jubilado antiguo, que le hacia todas estas cosas y aun mas; a beber vino pifon, á lo que V. no ha llegado”*<sup>29</sup>. As demandas que desde A Cañiza se lle facían ó seu deputado por estes anos eran constantes e referíanse a todo tipo de asuntos, fundamentalmente a favores ós *“amigos políticos”*, aínda que tamén a cuestións que eran necesarias para a boa marcha dos distintos traballos electorais ou que afectaban á colectividade<sup>30</sup>.

---

<sup>28</sup>Este concepto de deputado afín empregámolo para referirmos a deputados que debían a súa posición ás redes clientelares do elduayenismo, sendo moitos deles parentes do propio cabeza da rede (Eduardo Fontán, cuñado de Elduayen e deputado por Redondela no 1872; o marqués de Mochales e Casa Pavón, deputado no 1884 e 1886 por Vigo e de 1896 a 1899 polo distrito de Cambados, e o seu propio fillo, Ángel Elduayen y Mathet, quen representou ó distrito de Vigo tralas primeiras eleccións celebradas na Restauración co sistema do sufraxio universal, no 1891, e logo ó distrito de Lalín).

Como sinalaron J. M. Cardesín e P. Lago a existencia de vínculos de parentesco entre cargos electivos non constitúe unha explicación senón que é un problema a explicar. Non se trata, tampouco no noso caso, de que unha rede predifinida tente apoderarse dun sector da administración. O que acontece e que un personaxe, Elduayen, constrúe en torno a si unha rede de relacións co obxectivo de asegurarse o control dos espazos de poder que pode dominar e, dado que esas relacións non están baseadas en contrato algún senón que se fundamentan na mutua confianza entre os actores, o parentesco é un medio de establecer vínculos materiais, morais e afectivos especialmente fortes (Cardesín Díaz e Lago Peñas, 1992: 220).

<sup>29</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 13-VI-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>30</sup>Ignacio Vieitez, maxistrado da Audiencia Territorial de A Coruña que debía *“favores”* a Vázquez de Puga e a Elduayen e que chegara en xaneiro de 1879 a presidente de sa do Tribunal Supremo, defende ante Elduayen a súa presentación polo distrito de A Cañiza ó ser máis doado de controlar que o de Vigo no contexto do Sexenio: *“Los resultados han confirmado cuanto me anunciaba V. acerca del resultado de la ultima campaña electoral en toda esa provincia, á escepcion de Tuy que me sorprendió la derrota de nuestro candidato Sr. Alonso. Siento que no haya V. triunfado tambien por Vigo por el interés particular que en eso podria tener; sin embargo considero que tal vez sea para V. una ventaja el poder prescindir en lo sucesivo de ese distrito, por que es mas veleidoso, difícil y trabajoso que el dela Cañiza. Resignese V. á representar otro mas humilde; pero mas tranquilo, menos exigente y positivamente mas leal y consecuente con sus compromisos. Vigo era para V. una pesadilla; creame V. que ha ganado mucho en librarse de esa abrumadora carga de cuidados.”* De Ignacio Vieitez a José Elduayen. 20-III-1871. Vall. 4. A.M.V. Joaquín Vázquez de Puga era da mesma opinión xa que Elduayen, nesos intres, dominaba a cidade pero non os distritos rurais e *“no digo yó que estos no pudiesen vencerse, sobre todo comprando los sros. de aynto. que hoy en dia negocian los votos de los electores de su distrito: esto podia hacerse en momentos desesperados y V. no está en ese caso”*. De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 23-II-1872. Vall. 5. A.M.V.

En agosto de 1871 Vázquez de Puga escribe a Elduayen para queixarse da actuación do administrador de Correos da vila, cliente da facción local encabezada polo monterista Severo González Febrero, ó que acusa de non deixarlle recibir unha soa carta<sup>31</sup>. Non fai falta incidir demasiado na extraordinaria importancia que para as redes clientelares do século XIX tiña o bo funcionamento do servizo de Correos como medio de comunicación. En novembro a situación complicárase tanto que Vázquez de Puga tivo que abandonar a súa residencia en A Moreira e trasladarse a Vigo<sup>32</sup>. A única solución foi establecer unha Administración de Correos alternativa<sup>33</sup>. Vázquez de Puga non deixara de reclamarlle a Elduayen que, en canto fose posible, votase ó Administrador de Correos da vila, o que se consegue nese nadal<sup>34</sup>.

As queixas contra a presión á que se vían sometidos os opositores á situación eran constantes, non tanto nas eleccións a Cortes nas que se aceptaba a representación de Elduayen practicamente sen oposición ó ter a condición de ministerial coma nos comicios locais, dando unha idea da ausencia de liberdade política real nestes anos, *“Cada día reniego mas de la politica viendo los atropellos que se estan cometiendo. En la Cañiza el Alcalde Candido formo la mesa provisional con 4 perdidos a quienes se le ha entregado un Rebolber a cada uno, y cuando llegaba algun elector nuestro á votar se le apuntaba y se le decia atras V. no vota... los pueblos todo pronunciados a nuestro favor no se lo que resultara”*<sup>35</sup>. Xunto a isto, atopamos exclusións arbitrarias de votantes do padrón, suspensións parciais das eleccións e, en varios ocasións, *“grandes estacazos”*<sup>36</sup>. Non resulta estraño que un sector da historiografía, baseándose na praxe política da época, cuestione o carácter *“presuntamente democrático”* do Sexenio<sup>37</sup>.

---

<sup>31</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 30-VIII-1871. Vall. 4. A.M.V.

No Sexenio Severo González Febrero lograra unha notaría en Vigo gracias á protección do seu patrón político: Eugenio Montero Ríos. Vémolo participar nalgúns escrituras de redención protagonizadas por foreiros da Casa de Valladares aproveitando da lei do 20 de agosto de 1873. Por exemplo, “Redención de foros y censos de Santiago de Bembrive”. Marq. Mos 45. A.M.V.

<sup>32</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 17-XI-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>33</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 30-XI-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>34</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 11-XII-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>35</sup>De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 6-XII-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>36</sup>De Bernardo Pérez a José Elduayen. 9-XII-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>37</sup>Moitos autores critican a utilización do termo democrático para referirse ó período político transcorrido entre 1868 e 1874. É certo que a democracia foi o obxectivo dalgúns dos principais protagonistas históricos do momento e que, ademais, rexíuse por un ordenamento constitucional que recollía o principio da soberanía nacional e elaborouse unha completa declaración dos dereitos individuais e unha normativa electoral baseada no sufraxio universal (Sánchez-Arcilla Bernal, 1994: 82; Sánchez-Agosta, 1964: 286), mais nunca se produciu un funcionamento verdadeiramente democrático do sistema dado que as eleccións do Sexenio estiveron dominadas polo caciquismo e pola intromisión governamental na mesma medida que as do período Isabelino ou as da Restauración (Arias Castañón, 1990: 74; Janué, 1996: 12; Artola, 1991: 96-97; Anguera, 1985: 107, 131-133 e 139-140; Bahamonde Magro, 1976: 639-658; De la Fuente Monge, 1996: 133-168; Veiga Alonso, 1999: 206-207).

Tamén se discute o carácter rupturista respecto á traxectoria política anterior, a súa consideración como unha etapa distinta situada entre dous momentos ben definidos como son o período Isabelino e a Restauración. Así, o

En definitiva, atopámonos ó longo do período un sistema político dominado polo clientelismo, no que o intercambio de favores por apoio, tanto electoral como en actuacións doutro tipo, era a norma real a seguir. Máis alá de aspectos obvios dentro dunha estrutura política destas características, como os referidos ós procesos electorais ou á ausencia dunha capacidade de elección auténtica por parte das masas, o caciquismo lévanos a reflexionar sobre a falta na España do XIX dunha Administración Civil ó servicio da cidadanía, xa que, como vimos de observar, esta era a principal fonte de recursos coa que os patróns satisfacían as angueiras dos seus clientes e creaban redes de fidelidade e dependencia política.

Non existía burocracia xa que os membros da Administración do Estado non debían o seu posto a criterios fundados na racionalidade e apoiados na súa preparación, eficiencia ou experiencia senón á súa pertenza directa ou aceptación indirecta das redes de dominación social creadas polo clientelismo. Na gran maioría dos casos nesas cartas facíase declaración expresa de quedar “*al servicio*” de Elduayen para todo o que precisase co que, á vez, eliminábase toda posibilidade de independencia administrativa e autoalimentábanse as estruturas clientelares e segmentais de poder, ó dispor o intermediario de cada vez máis ámbitos desde os que estender os seus favores e aumentar as súas redes de dependencia. Todo isto sempre en beneficio das elites con forza para negociar. As nefastas consecuencias disto levaron ó caos á Administración, de funcionamento ineficaz polo favoritismo que a dominaba, ó goce privativo dos recursos públicos e á inexistencia ou escaseza de investimentos que beneficiasen ó conxunto da comunidade. A percepción lóxica que esta ten do Estado é a dun órgano estraño, só visible no cobro das contribucións e nas quintas, cunha administración que, en absoluto, cumpría á labor de socialización e nacionalización que se lle supón á burocracia moderna na visión weberiana (Riquer i Permanyer, 1996: 73-89; Fusi Aizpurúa, 1994: 77-90; Veiga Alonso, 1999: 70).

Deste xeito, o Estado, aínda que cunha existencia certa, queda convertido no lugar onde as distintas faccións loitaban por acumular cada vez máis espazos de poder e perdía toda a súa independencia como actor político determinante. O clientelismo non permitiu dar correctamente o paso do particularismo, a adscrición de status e roles e a patrimonialización dos cargos públicos característicos das sociedades tradicionais á impersonalidade, a

---

profesor Jover Zamora nega rotundamente esta descontinuidade e defende a existencia dunha liña uniforme entre 1834 e 1874 (Jover Zamora, 1981: XIII-XXII e 1991: 29).

Outra parte da historiografía, a pesares das limitacións evidentes do Sexenio, destaca esta fase política como unha etapa fundamental no lento proceso de politización das masas, que por primeira vez disfrutaban do dereito ó sufraxio e poden asociarse e manifestar libremente as súas opinións (Bahamonde e Martínez, 1994: 526; Pérez García, 1995: 49; Forcadell Álvarez, 1996: 110-112; Hennessy, 1966; Lacomba, 1973; Esteban Navarro, 1994: 87-112; Baldó, 1995: 399-412).

competitividade no acceso a status e roles e a racionalidade burocrática funcional e anónima propia dos sistemas políticos modernos, perdéndose moito no camiño.

Empezamos a análise do fenómeno clientelar observando a prevalencia da dinámica do favor e as súas consecuencias sobre o conxunto do Estado e da sociedade. Isto non significa que o estudio dos procesos electorais estea lonxe dos nosos intereses, senón que consideramos prioritario privilexiar outras dimensións do clientelismo ás que quizais se ten prestado unha menor atención, sen con elo querer establecer ningún tipo de xerarquización.

É necesario coñecer os motivos que levaban á loita electoral no século XIX. Desde logo, a causa central non era nin a polarización en torno a opcións ideolóxicas diferentes nin a pertenza a partidos políticos distintos, inexistentes como estruturas máis aló dun pequeno círculo de notables en Madrid e reducidos a simples conglomerados de faccións personalistas nadas arredor dalgún deputado con importancia. O enfrontamento só se entende en termos clientelares, pola loita mantida entre faccións diferentes para controlar un determinado espacio de poder (concello, deputación provincial, deputación a Cortes...). En último termo as eleccións víanse como o medio de situar un membro da clientela nos órganos de poder e decisión, xa fosen locais ou nacionais<sup>38</sup>.

Os medios para tentar á sorte nas eleccións reducíanse a dous: 1.- O ministerialismo, a calidade de candidato oficial, do Goberno, a favor do cal se coloca toda a maquinaria administrativa. É o que Xosé Ramón Veiga denomina “*a alternativa ó centro do sistema*” (Veiga Alonso, 1999: 69). 2.- Mais, como o propio Veiga demostra, para conseguir o apoio do Goberno era necesario posuír toda unha serie de apoios intermedios, sendo aquí onde interveñen os elementos situados na periferia. Este paso era tan importante que moitos candidatos cun forte arraigo nos distritos arriscábanse mesmo a desafiar á “*influencia moral do Goberno*”. Nun caso teórico o Goberno daría a un candidato con raíces clientelares sólidas na periferia todo o seu influxo e un elevado nivel de autonomía na xestión dos asuntos locais, co que poder satisfacer as angueiras dos seus “*amigos*”. O novo deputado, en correspondencia, aseguráballe a Gobernación unhas eleccións tranquilas, unha maioría de votos progubernamentais e o apoio incondicional despois de constituído o Parlamento. Como na realidade os modelos perfectos non soen existir, atopámonos con problemas como que o poder central queira situar a un candidato “*cunero*”, que no distrito coexistan distintos poderes locais co mesmo obxectivo de colocar un candidato en Madrid ou a presenza de grupos políticos dominados pola ideoloxía (republicanos, carlistas...).

---

<sup>38</sup>Xa que logo non resultan estrañas as loitas internas entre candidatos dun mesmo partido (Veiga Alonso, 1999: 67-72; Tussel, 1976: 103; Sánchez Marroyo, 1993: 229).

Por iso, na maior parte das ocasións o máis interesante das eleccións decimonónicas é a negociación previa entre os distintos grupos faccionais para colocar ós seus candidatos naqueles lugares que consideran máis axeitados e non tanto polo resultado visible desa negociación (o deputado que finalmente sae elixido) como porque no transcurso desta saen a relucir o poder co que contaba cada unha das clientelas; as relacións de colaboración, neutralidade ou conflito, entre elas e, en último termo, o proceso de realiañamento das clientelas en partidos políticos en función dos resultados acadados durante a negociación/conflicto, co que queda debuxado o mapa do poder provincial.

As eleccións de deputados a Cortes de 1879, un momento no que estaban comezando a conformarse os dous grandes partidos do turno, resultan un bo exemplo disto. Nos observaremos os acontecementos desde a óptica de Víctor Noboa Limeses, nese tempo gobernador civil de Pontevedra e máximo representante na provincia da rede clientelar tecida por Elduayen<sup>39</sup>.

Durante os anos setenta atopamos na provincia seis grandes grupos clientelares de poder que se recoñecen nas súas cabezas: José Elduayen, a familia Bugallal, a familia Riestra, o marqués de Vega de Armijo, Raimundo Fernández Villaverde e Eugenio Montero Ríos (este último grupo clientelar moi activo nos anos do Sexenio, pero sen presenza nas eleccións de 1879 que aquí analizamos pola súa oposición ó sistema nese momento).

As relacións do elduayenismo coa facción encabezada por Montero Ríos eran practicamente inexistentes, en base ás diferencias radicais de militancia política. Sen embargo, non deixamos de localizar algunhas pequenas colaboracións, sempre ó arredor do ferrocarril: Emilio Álvarez Jiménez, un dos homes fortes do monterismo en Pontevedra, chegará a alianzas cos elduayenistas ós que apoia desde *“El Alerta”* no 1881 en favor da MZOV, duramente contestada na Deputación polos seguidores de Riestra (Taboada Moure, 1987). Para entender este apoio hai que ter en conta que Montero Ríos era directivo da Compañía do Ferrocarril Compostelán de Santiago a Carril, que defendía, coa MZOV, a necesidade de que Galicia se conectara coa Meseta por Zamora e non por Palencia. En 1874 un membro do Compostelán enviara a Elduayen unha carta na que lle fala dun proxecto para unir a liña de Zamora co ferrocarril de Braga, que se adaptaría ó sistema de vía estreita, demostrando a existencia dunha idea empresarial común ás dúas compañías concesionarias,

---

<sup>39</sup>Despois da paréntese republicana a partir de 1874 Elduayen comezou a distanciarse dos seus axentes na Cañiza para preparar o regreso ó que fora o seu distrito, Vigo, pasando a un segundo plano Vázquez de Puga e retomando un papel moi importante dentro da facción elduayenista persoeiros como Víctor Noboa Limeses, Sabino González Besada ou Antonio López de Neira. De Víctor Noboa Limeses e José Elduayen. 4-I-1874. Vall. 5. A.M.V.

“Esta línea proyectada es la llamada á unirse con la de Vigo y Santiago, y constituirse en su día una principal de la Coruña por Santiago y Redondela á Zamora”<sup>40</sup>. A colaboración entre as dúas empresas incluso fará que Elduayen poña a súa influencia ó carón de algo tan relacionada con D. Eugenio como o Santiago-Carril. Así, en 1878 Víctor Noboa Limeses, entón gobernador civil da provincia, infórmao de que o expediente que lle recomendara do señor Moull, contratista do ferrocarril compostelán, pasara a informe da comisión provincial e que vería de atender en todo o posible as indicacións de Elduayen<sup>41</sup>.

Isto non é contradictorio coa presenza na correspondencia dos anos anteriores de constantes referencias negativas ás estruturas de poder creadas por Montero Ríos, quen no Sexenio converteuse no grande “*factotum*” provincial e, polo tanto, no grande inimigo a suplantar. A este respecto resulta moi significativa a situación que atopamos na provincia no ano 1874, cando tralo golpe de Pavia comeza un réxime sen definición política sostido polo partido constitucional de Sagasta e o radical de Ruiz Zorrilla, con Serrano como xefe de Estado. Neste contexto o monterismo, a pesar de que trala abdicación de Amadeo de Saboia o seu patrón desaparecera primeira escena política (Barral Martínez e García López, 1999: 22), seguía a ser a facción predominante en Pontevedra impedindo a chegada dos clientes de Elduayen ós órganos de poder provincial, “*Este gobernador militar, Sor. Guerra, persona de mucho orden y buen juicio trataba de separar los Aytos. de esta capital, Vigo y puntos importantes, asi como la Diputacion y comision provincial. Despues de tener una reunion con nosotros y de estar de acuerdo para dichos nombramientos en hechar mano de las personas de mas talla en la provincia, como era en Vigo el Marques de alcalde; recibe en dicho dia un telegrama del ministro gobernacion para que no tocasse á nada. Esto se atribuye á Montero Rios*”<sup>42</sup>. Pouco despois o nomeamento do gobernador civil que debía dirixir a política provincial no novo réxime deixou a Noboa Limeses definitivamente convencido de que as esperanzas de cambio de situación eran só desexos e de que Montero seguía a dominar en Pontevedra, “*vino á confirmar el rumor qe. ayer corría en esta de que Rivera era el nombrado Gobernador. Este nombramiento de Montero Ríos és el fiasco mas grande sobre el partido constitucional, porque. Rivera cuando fue en esta gobernador se há enseñado con todos nosotros y tan grosero que ni visitas ha pagado á ninguno de los conservadores qe. le han visitado. El tal Rivera es el que anulo el acta de Besada como diputado provincial en la ultima eleccion; es el hombre que tenía apostado vigilantes para ver la gente que entraba en*

---

<sup>40</sup> De Vilardebó a José Elduayen. 5-II-1874. Vall. 5. A.M.V.

<sup>41</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 26-VI-1878. Vall. 6. A.M.V.

<sup>42</sup> De Víctor Noboa Limeses a Elduayen. 24-I-1874. Vall. 5. A.M.V.

*mi casa; és el hombre que denunció "El Dictamen" cuando se creo el Comité Constitucional. En fin, amo. mio, és lo mejor que se podian esperar los federales y radicales en esta provincia. Yo, ya arme tal cisco entre todos los amigos qe. esta tarde nos reunimos pa. presentar una protesta energica contra tal nombramiento y acordar que se disuelva el comité. Esta politica tiene que hacer a muchos que estaban indecisos alfonsinos”*<sup>43</sup>. Atopamos, pois, unha relación de conflito político aberto que, noutras circunstancias, incluso se podería confundir coa rivalidade partidista propia de sistemas políticos modernos e que, a pesar de que opinamos que esa non era a compoñente esencial, estaba baseado en certas diferencias ideolóxicas (mantemento/supresión do sistema foral; proteccionismo/librecambismo na política económica...).

Os Riestra, Raimundo Fernández Villaverde e o marqués de Vega de Armijo forman, nestes anos, un grupo faccional de actuación e intereses comúns. As relacións destes tres persoeiros coa facción elduayenista eran tensas, aínda que Elduayen e Vega de Armijo colaboraran no Sexenio. José Antonio Durán (1979) afirma que os Riestra eran os representantes de Montero Ríos en Pontevedra, algo totalmente certo durante a Restauración pero que non observamos no Sexenio. O marqués de Vega de Armijo pasouse, igual que os Riestra, ó fusionismo sagastiano na Restauración. Raimundo Fernández Villaverde rematará sendo Liberal-Conservador, aínda que as súas relacións con Elduayen nunca melloraron desde o seu definitivo distanciamento neste momento que estamos a analizar<sup>44</sup>.

O entramado clientelar formado por José Ramón Bugallal e Saturnino Álvarez Bugallal foi o que se situou máis preto do elduayenismo, sobre todo na Restauración. No Sexenio, sen embargo, o trato, sen chegar ó conflito aberto, era pouco fluído. Eduardo Fontán, deputado por Redondela no 1872 e cuñado de Elduayen, resumiullo a Basilio González Besada do seguinte xeito, *“He hecho que Basilio escriba en la forma qe. no disguste a los Bugallales ¿pues no me preguntó si Saturnino era amigo tuyo?. Contestación:*

---

<sup>43</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 2-II-1874. Vall. 5. A.M.V.

<sup>44</sup>Na década dos noventa continuaban as dificultades cun Fernández Villaverde que, por entón, gañaba cada vez máis protagonismo en Madrid ata chegar ós anos posteriores ó desastre do 98, cando tivo un recordado paso polo ministerio de Facenda. No 1891 era ministro de Gracia e Xustiza e, por entón, o Goberno Civil de Pontevedra volvía a estar en poder dun elduayenista, Sabino González Besada, mantendo unha relación tensa con Villaverde. De Sabino González Besada a José Elduayen. 20-III-1891. Vall. 7. A.M.V. Fernández Villaverde representaba na provincia ó silvelismo mentres que Elduayen atopábase moi próximo a Romero Robledo, escenificando a nivel provincial unha disputa nacional dentro do partido conservador, aínda que en Pontevedra esta, como estamos vendo, tivese raíces máis antigas e profundas. Resulta curioso observar como os fillos do elduayenismo e do bugallalismo, Augusto González Besada ou Gabino Bugallal, entraron na alta política nacional da man de Fernández Villaverde, o antigo inimigo irreconciliable dos seus maiores. Por suposto, isto a partir de 1898 ano da morte de Elduayen e Sabino González Besada. Sobre a militancia villaverdistista destes dous políticos galegos pódense leer as súas respectivas biografías políticas en Vallejo Pousada (2000) e Pro Ruiz (2000).

*Pepe lo es suyo, Bugallal no lo es de Pepe*<sup>45</sup>. Polo de agora escapásenos as causas de tan estraña relación. No 1879, xa con Noboa Limeses á fronte da provincia a colaboración entre as dúas grandes redes clientelares do sur da provincia de Pontevedra comezaba a ser máis franca. Así, o gobernador ó principio tiña certas reservas sobre a actitude de Saturnino Álvarez Bugallal trala súa elección para o ministerio de Gracia e Xustiza<sup>46</sup>. Contra esta opinión inicial de Noboa Limeses Bugallal colaborará en todo o que lle pediron, sobre todo nomeamentos de xuíces municipais e ascensos para maxistrados fieis ó elduayenismo, estreitando moito a unión entre dúas clientelas que, sen perder en ningún momento a súa singularidade, mantiveron unha interesante coordinación na Restauración<sup>47</sup>.

Unha vez que temos ós principais grupos faccionais de poder localizados podemos comezar a estudar a dinámica política do período. O principal problema era a elección dos deputados que debían ser apoiados polo Goberno nos distritos nos que non existía ningún candidato innegociable. Tratábase nese momento de A Estrada, Caldas, Lalín e A Cañiza. Isto conducirá a un enfrontamento moi forte, culminando na total ruptura de relacións entre o grupo Riestra-Villaverde-Vega de Armijo e os elduayenistas.

En A Estrada Elduayen tentaba conseguir que seguise coa representación en Cortes Gutiérrez de la Cámara, un cunheiro proposto por el e que xa representara a esa circunscrición nas anteriores eleccións. No obstante, Noboa Limeses, máis atento desde o seu despacho na Alameda de Pontevedra ó que ocorría na provincia, recoméndalle un cambio de distrito, que, en realidade, era un troco máis amplo de estratexia electoral, dado que afectaba a varios distritos, *“En cuanto al Distrito de la Estrada es otra cosa. Gutierrez de la Camara despues de serme muy simpático, sé lo que V. lo distingue y esto me basta: pero es lo cierto que durante fué diputado no se ocupó del distrito: fuese por que no pensó en una reeleccion, fuese por lo qe. se quiera dejó aquello abandonado; no contestó á los amigos que se dirigieron á*

---

<sup>45</sup>De Eduardo Fontán a José Elduayen. 6-III-1872. Vall. 5. A.M.V.

Temos outra carta que demostra que as relacións entre Elduayen e os Bugallal a mediados de 1872 non eran fluídas, *“recibo la del 7 con la de Moure y Riberas sobre la famosa cuestion de los baños de Cortegada, y que realmente lamento la forma en que viene presentada, pues conoce V. mi genio, y no es esta la que pudiera decidirme á hacer nada sobre todo cuando se viene á poner en duda lo que yo digo. Si han hecho favores á Bugallal, entiendanse con él, y si él no tiene inconveniente, entonces me ocuparé yo del asunto; pero demasiado comprende V. que en la situacion en que aquel ha colocado hace algun tiempo las relaciones politicas entre nosotros, no sería ni digno ni decoroso para mi; sin su expreso conocimiento quitarle empleados en el distrito que representa, y en cuanto á tomar por motivo para hacer empeño de esta cuestión el decir que los contrarios se burlan de uno, porque no le dán, comprenda que es muy ridiculo y muy antiguo y que no produce ya efecto en ninguna parte, pues si se rien los contrarios que se rian hasta el dia del juicio que otros se habran reido en estos 35 años”*. De José Elduayen a Joaquín Vázquez de Puga. 11-V-1872. Vall. 5. A.M.V.

<sup>46</sup>De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 6-I-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>47</sup>No 1891 Sabino González Besada informa a Elduayen que Pérez de Castro, cliente dos Bugallal, fora nomeado presidente da Audiencia de Ponferrada, a pesar das presións do gobernador Besada para traelo a Galicia, pola



*él, el resultado es que estaban descontentos en extremo. En cambio Riestra aprovechándose del paso de Villaverde por el Ministerio de la Gobernacion, puso allí de Alcalde á una persona que yo designaba en 2º lugar; logró que en la Audiencia se nombrase juez municipal al propuesto en 3er. lugar á pesar de que yo informaba la conveniencia de que se reeligiese al que venía siéndolo, y por este estilo aprovechó la horfandad en que había dejado el distrito Gutierrez... Podría vencer, pero á costa de dar allí una verdadera batalla y de descomponer aquel distrito, cuando el simple cambio de candidato llevando a Sánchez Bustillo á Estrada y á Caldas á Gutierrez evitaría toda clase de dificultades, puesto que en Caldas no podría Riestra, aun que lo pretendiese sacar partido del descontento que me consta hay en la Estrada”<sup>48</sup>. Nun espacio electoral no que o elduayenismo era activo mais non hexemónico, o clima negativo creado cara a un deputado cuneiro que non cumprira coas súas tarefas básicas de consecución de beneficios privados en favor dos poderes locais que facilitarían a súa elección fixo que outra facción con acceso ó influxo do goberno, a dos Riestra, aproveitase a situación para dominar as principais institucións locais de poder (concello e xulgado municipal), preparando o camiño para colocar un deputado afín. O poder central, ó que Noboa Limeses representaba por medio do seu cargo de gobernador civil, podería loitar, pero isto ocasionaría moitos gastos á facción que representaba e, aínda así, non aseguraría a victoria. Cun simple cambio de estratexia poderíanse racionalizar os custes e evitar enfrontamentos cos poderes locais, uns enfrontamentos que só producirían o fortalecemento dos grupos rivais.*

Algo moi semellante ocorría nos importantes distritos de Tui e Pontevedra. Na cidade episcopal tiñamos un candidato, Ordóñez, aliñado con Romero Robledo e inimistado con Elduayen, pero apoiado polos principais conseguidores de votos do distrito. As seguintes verbas de Noboa Limeses son outra demostración de que para ir á loita electoral con certas garantías facía falla algo máis que o apoio governamental, *“Respecto á Tuy, mas que á mi debe V. echarse la culpa á sí mismo, de que la candidatura de Ordoñez corra allí en tanto favor. Recuerdo qe., no solo á mi, sinó al amigo Neira, nos hizo V. indicaciones de que caso de nuevas elecciones sería para allí candidato. Por esto, por que es hijo del pais, por que hizo por allí varios favores, y por que Amoedo, su amigo de la infancia, empezó a iniciar su nombre como el del futuro diputado; y por que Cuenca y Maceira, que están a matar con Amoedo, trataron de quitarle á este importancia prohijando su candidatura á título de hijo del pueblo, para que no lo explotase aquel, vino allí formándose una atmosfera, que*

---

negativa de Fernández Villaverde, entón ministro de Gracia e Xustiza. De Sabino González Besada a José Elduayen. 24-IV-1891. Vall. 7. A.M.V.

<sup>48</sup>De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 25-III-1879. Vall. 6. A.M.V.

*considero sería de malísimo efecto sofocar, sobre todo cuando presumo que el actual Ministro há de ponernos veto para que empleemos cierta clase de recursos en este primer ensayo de la ley electoral*<sup>49</sup>.

En Pontevedra Elduayen tentaba a maior discutíndolle a acta á facción de Vega de Armijo-Riestra-Fernández Villaverde, unha tarefa que superaba as posibilidades dun gobernador que dubidaba da posibilidade de enfrontarse ás redes clientelares locais que os Riestra tiñan na capital provincial e os Matos e o propio Vega de Armijo en O Morrazo (principal sector rural do distrito), *“En lo de Vega de Armijo debe V. tener en cuenta que aquí, todos mis amigos, los que, sin serlo, se llaman tales, tienen relaciones y compromisos personales con él desde la primera vez que lo hicimos entre todos diputado. Si á pesar de ello se me mandara combatirlo yó lo intentaría, pero tendría que verme con dolor, casi solo, sin otros elementos que los oficiales, y no todos, por que los Alcaldes de Cangas, Meira y Bueu, que son parientes ó paniaguados de los Matos es casi seguro que á no faltarme abiertamente, me harían traicion suponiéndose de escaso valer, y el resultado probablemente no correspondería á mis deseos y propositos, máxime cuando en el hecho de aparecer aquí el Marqués combatido, es seguro que serían los primeros á ayudarlo los radicales, republicanos y moderados, tan solo por ir contra el gobierno*<sup>50</sup>.

Volvendo ó caso de A Estrada, Francisco Riestra, unha vez que se fixera cunha parte do poder local no distrito, non estaba disposto a abandonalo e, por iso, propón ó gobernador ó seu fillo, José Riestra, como candidato oficial.

Ante a dificultade de conciliar os intereses dos distintos grupos con poder na provincia o ministro de Gobernación, Francisco Silvela, decide convocar unha reunión na estación de ferrocarril de Pontevedra á que asisten Víctor Noboa Limeses, Sabino González Besada, Raimundo Fernández Villaverde, Sánchez Bustillo e Francisco Riestra. Nela informa que Gutiérrez de la Cámara e Sánchez Bustillo debían conseguir acta de deputado. O primeiro iría por Caldas, como planeara o gobernador, mentres o segundo quedaría ou ben con A Estrada, tendo que competir co fillo de Riestra, ou con Lalín, onde Romero Robledo tentaba consolidar a Muchada, ó que tanto Noboa Limeses como Riestra ofreceran o seu apoio previo<sup>51</sup>. Finalmente Sánchez Bustillo tivo que ir ó distrito de A Cañiza e Muchada quedará en Lalín.

---

<sup>49</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 25-III-1879. Vall. 6. A.M.V. No 1891 a situación cambiara e Elduayen mantiña unhas moi boas relacións políticas con Romero Robledo e o seu deputado en Tui, Ordóñez. Ezequiel Ordóñez foi deputado por Tui ininterrompidamente entre 1879 e 1901.

<sup>50</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 25-III-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>51</sup> Para os elduayenistas o de Lalín era o distrito máis perigoso da provincia, pola forza do monterismo; pola presenza dun candidato independente, Ramón María Villar Ulloa, que se definía como moderado histórico, e porque a organización dos apoios gobernamentais alí deixárase a cargo de Riestra nun momento anterior no que

Estas serán as derradeiras eleccións antes da ruptura formal entre uns grupos, o de Elduayen e o dos Riestra, que, como estamos vendo, tiñan xa unhas relacións non demasiado fluídas. En 1879 os elduayenistas evitarán a confrontación directa, aínda que soterradamente minarán en todo o posible as candidaturas rivais.

Deste xeito, a José Riestra en A Estrada a súa condición de ministerial no lle serviu para moito ante a absoluta falta de apoio do gobernador civil e se logrou acta de deputado foi, exclusivamente, polo poder local que seu pai conseguira consolidar nos anos anteriores. Isto propiciou a presentación dun candidato opositor, o republicano Justo Martínez, con apoios fortes no distrito e ó que Noboa Limeses e Elduayen axudarán desde a escuridade. Noboa Limeses nas cartas que envía a Elduayen refírese a Martínez non como un opositor senón como un medio de debilitar o riestrismo<sup>52</sup>.

Sen embargo a Sánchez Bustillo, o candidato villaverdista levado a A Cañiza, non se lle porán dificultades. É máis, Noboa Limeses da orden ós membros do elduayenismo no distrito para ocasionar poucos gastos e, así, poder atraerse a un deputado que nas anteriores eleccións tivera que abonar 24.000 rs. a Riestra para lograr a representación do distrito de Caldas<sup>53</sup>.

Pola súa banda os Riestra tamén farán todo o posible para danar ás candidaturas apoiadas por Elduayen alí onde podían como, por exemplo, en Cambados. Os electores elixirán alí ó deputado ministerial e do elduayenismo, Francisco Fontán (representará este distrito nos anos 1876-1881; 1884-1886 e 1891-1893), o que non significa que o riestrismo non acadara os seus obxectivos xa que, igual que Elduayen en A Estrada, non buscaba tanto ir contra o candidato designado por Gobernación como “*causarle mayores gastos*” á facción rival<sup>54</sup>.

Despois dos comicios o gobernador civil de Elduayen tentou reorganizar os distritos máis conflictivos botando ós riestristas das institucións que dominaban, de tal xeito que nunha posterior convocatoria a súa posición na negociación preelectoral fose mellor<sup>55</sup>.

---

as relacións entre os dous grupos eran mellores e o que se buscaba era socavar os apoios de Montero Ríos, “*tambien debo suplicarle el por que de esa intervención que dí a Riestra en la parte Norte de la provincia; intervención que no habiendomela prohibido V. no podía yo escusarme de darsela desde el momento en que el difunto Alzugaray siendo subsecretario de gobernacion, me impuso que en el distrito de Lalin lo oyera y auxiliare pa. destruir allí la fraccion Montero Rios*”. De Víctor Noboa Limeses a Marqués do Pazo de la Merced. 25-III-1879. Vall. 6. A.M.V. Ramón María Villar foi deputado provincial polo distrito de Lalín de 1847 a 1854, de 1863 a 1866, de 1871 a 1872, en 1877 e en 1882 (Taboada Moure, 1987: 38-40, 68 e 89).

<sup>52</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 29-III-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>53</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 11-IV-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>54</sup> De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 29-III-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>55</sup> “*Organizaré á su gusto los Ayuntamientos partidos judiciales de Estrada, Cambados, Lalin y Caldas, para que en el día de mañana responda a mis indicaciones y no á las de Riestra como hasta la actualidad sucedía... Tambien pienso seguir la misma marcha en los Ayuntamientos pertentes. á esta Capital, respetando solo el de*

Antes de que isto sucedese Riestra, Raimundo Fernández Villaverde e Vega de Armijo lograron a destitución de Noboa Limeses do cargo, un golpe moi duro para o elduayenismo que demostra a forza dos seus rivais na disputa por lograr maiores cotas de poder provincial. Neste tempo o conflito polarizouse ó redor da elección das principais institucións municipais. Así, inmediatamente antes de ser destituído vemos a Noboa Limeses presionando en Madrid e A Coruña para que se confirmasen os seus homes nos xulgados municipais e concellos, en dura pugna con Francisco Riestra<sup>56</sup>. O ministro de Gracia e Xustiza, Saturnino Álvarez Bugallal, axudará a Elduayen, colaborando na elección daqueles candidatos propostos por Noboa Limeses<sup>57</sup>.

Neste contexto político de dura pugna entre distintos grupos situados moi preto dos centros de poder e decisión non debemos entender a destitución de Víctor Noboa como unha victoria absoluta dos seus inimigos políticos. Aínda que a unión entre os Riestra-Vega de Armijo e Fernández Villaverde conseguiu sacar ó home forte de Elduayen na provincia do despacho principal que existía na mesma, con isto non lograron dominar a institución senón que Noboa Limeses seguiu a ser, na sombra, o intermediario entre a política pontevedresa e o goberno central ó estar máis preto do valenciano Díaz, o novo gobernador civil, que os seus rivais<sup>58</sup>. Este fora enviado desde Madrid para moderar os afáns hexemónicos do elduayenismo, que tentaba dominar as institucións locais incluso dos distritos que representaban Riestra, Fernández Villaverde e Vega de Armijo no Congreso, sen que por elo se entregase á facción contraria a posición de predominio que significaba o control do Goberno Civil. As eleccións de 1879 subiran a tensión ata o punto de tomar decisións que implicaban cruzar uns límites que, nese momento, Madrid non estaba disposto a cruzar. Por iso, o poder central decidiu converterse nun poder moderador. En xuño dese ano atopámonos por escrito a confirmación dunha separación que xa era un feito, “*Rotas con V. las relaciones con Villaverde, Riestra, Muchada y aun agregó yó al Marques de la Vega de Armijo, quedan para mi anuladas como si nunca los hubiera conocido*”<sup>59</sup>.

As malas relacións entre o riestrismo e o elduayenismo convertéronse nun conflito permanente. En xuño dese mesmo ano a comisión provincial, controlada polos Riestra nese

---

*Cangas por consideración á Eugenio Matos, y no á su hermano que es como siempre un vendido* (refírese a Eduardo Matos, home forte do marqués de Vega de Armijo no Morrazo e principal xestador de maiorías nestes concellos)”. De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 26-IV-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>56</sup>Sobre as múltiples funcións da xustiza municipal na Restauración e a importancia que tiña controlar esta primeira instancia pódense consultar os traballos de Villacorta Baños (1989); Cardesín Díaz e Lago Peñas (1992); Moreno Luzón (1996: 186-187); Fiestas Loza (1997); Veiga Alonso (1999: 254-258) e Castro Pérez (1999: 108-109).

<sup>57</sup>De Saturnino Álvarez Bugallal a Víctor Noboa Limeses. 23-V-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>58</sup>De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 1-VI-1879. Vall. 6. A.M.V.

momento, decide enviar á Xunta Xeral de accionistas da MZOV a tres representantes tan significativos como significados: Raimundo Fernández Villaverde, o marqués de Vega de Armijo e Ezequiel Ordóñez (aínda non reconciliado con Elduayen). Negóuselle a asistencia co pretexto de que non depositaran na caixa da compañía o número de accións que para asistir ás xuntas prevían os estatutos da empresa. A Deputación posuía 3.158 accións, protestando enerxicamente ante o ministro de Fomento pola decisión da MZOV e pedindo a suspensión dos acordos tomados<sup>60</sup>. Máis alá deste episodio puntual era evidente que tralas eleccións de 1879 Elduayen gañárase un bo fato de inimigos políticos na provincia estando estes dispostos a minar de tódalas maneiras posibles o seu poder.

En febreiro de 1881, cos fusionistas no poder e co marqués de Vega de Armijo no ministerio de Estado, o seu representante na provincia, Eduardo Matos, pasará ó cargo de gobernador civil, practicando unha política moi agresiva contra os conservadores (Taboada Moure, 1987: 74).

En síntese, o conflito aberto contribuíu a polarizar as posicións e definir máis claramente os agrupamentos faccionais. No sur da provincia elduayenistas e bugallalistas esqueceron as diferencias que tiveran no Sexenio cooperando estreitamente na loita polo poder local. Non chegarán a fusionarse en horizontal, algo imposible nun contexto político dominado polo clientelismo e a dinámica do favor, pero si manterán unha interesante actitude de axuda mutua, compartindo as dúas faccións un canovismo sen reservas ata a morte do político malagueño. Os Riestra-Vega de Armijo e Fernández Villaverde afastáronse definitivamente de Elduayen. Raimundo Fernández Villaverde continuou no partido conservador ata a escisión silvelista, mais desde este momento as súas relacións coa facción elduayenista sempre foron malas, consolidando as súas propias clientelas no distrito de Pontecaldelas, fuxindo de conflitos a nivel provincial e apoiándose, cando lle eran estrictamente necesarios apoios en Pontevedra, no riestrismo. Vega de Armijo, xa bastante maior, mantivo poder fundamentalmente polo control que os seus clientes os Matos tiñan sobre a importante comarca do Morrazo, así como polo seu propio prestixio de vello revolucionario tanto do Bienio como do Sexenio. Como é ben sabido na Restauración foi un dos principais políticos fusionistas aínda que cun papel máis simbólico que activo debido á súa avanzada idade. Os Riestra convertéronse nos grandes rivais dos conservadores na provincia. E é que eles foron a vía que facilitara a reaparición do monterismo, cunhas redes faccionais que foran apartadas do poder local tralo fin do Sexenio logo de ser nesta etapa

---

<sup>59</sup>De Víctor Noboa Limeses a José Elduayen. 20-VI-1879. Vall. 6. A.M.V.

<sup>60</sup>De Francisco Javier Mugartegui y Parga a Ministro de Fomento. 11-VI-1879. Vall. 6. A.M.V.

histórica, senón absolutamente dominantes, si hexemónicas. Como vimos tralo pronunciamento de Martínez Campos o riestrismo colaborara en distritos como Lalín na eliminación política dos homes de Montero Ríos. Nembargantes, o conflito que vimos de analizar fixo que a familia Riestra se separase definitivamente do canovismo, representado en Pontevedra por Elduayen, pondo as súas clientelas provinciais ó servicio de D. Eugenio e, deste xeito, facilitando moito a reaparición da súa facción a nivel local. A grandes trazos esta será a situación do poder provincial coa que entramos na Restauración.

Xa para rematar, imos volver brevemente ó tema da construción do ferrocarril para mencionar algúns aspectos de interese que se desprenden da análise da correspondencia recibida por Elduayen na década dos setenta do oitocentos e que deberán recibir un tratamento específico en próximos traballos.

Máis en concreto, referirémonos á liña Vigo-Ourense e ós problemas atopados pola MZOV para desenvolver os seus traballos nunha sociedade aínda labrega e na que a ausencia de proletariado impuña un determinado ritmo laboral e facía necesaria a negociación cos poderes locais para conseguir brazos.

A MZOV era responsabilidade absoluta de Elduayen. Tódolos empregados da empresa carteábanse con el, informábano do estado das obras e orientábano para que tomase decisións. Tamén estaban en relación directa con el aqueles contratistas de obras que, como veremos, o eran pola súa influencia política local e/ou pola súa capacidade de mobilización de man de obra.

No Sexenio (cunha lexislación electoral baseada no sufraxio universal) ser contratista, ó estar en contacto directo cos peóns, levaba implícita a condición de traballar electoralmente polos candidatos de Elduayen. A calidade principal necesaria para ser un bo contratista viña determinada pola ausencia de man de obra, polo que o que fundamentalmente se requiría era capacidade para mobilizar na maior medida posible á sociedade labrega que atravesaba a vía, xa procedese esta de cregos<sup>61</sup> ou de propietarios con influencia local<sup>62</sup>.

---

<sup>61</sup>“Teixeira (Casiano) y el Sor. Abad de Quintela que terminaron sus trozos en la 4ª. Seccion, ya les tengo colocados hace dos meses. Al Sor. Abad se le ha dado la trinchera n.º. 42 de Rodrigz. y Teixeira está en Queimadelos en la trinchera del tunel del Picouto. Son muy buenos agentes y era preciso no descuidarles”. De Bernardo Pérez a José Elduayen. 29-XI-1871. Vall. 4. A.M.V.

<sup>62</sup>O mellor exemplo, sen dubida, é o de Joaquín Vázquez de Puga. Xa sabemos que no Sexenio entregáalle as súas clientelas a Elduayen, protestando e varias ocasións contra aqueles que escribían ó patrón afirmando que a MZOV tiña unha parte importante nos seus éxitos electorais. Para Vázquez de Puga nada se podería facer sen a súa capacidade de mobilización local, “Alberola ofrece cientos de votos de la linea y resultan que estan todos sin empadronar; pero esto no obsta para que se gane; no obstante bueno es indicar a los jefes de seccion que diga a todos los destajistas que se empadronen y saquen su cedula de vecindad”. De Joaquín Vázquez de Puga a José Elduayen. 4-XII-1871. Vall. 4. A.M.V.

E é que a MZOV tiña que desenvolver as súas actividades plenamente capitalistas nunha realidade dominada por unha estrutura social atrasada na que o predominio do rural, co seu ritmo de vida propio marcado polas labores do agro, e a forza duns grupos privilexiados saídos do Antigo Réxime (clero e fidalguía) eran as principais características.

A realidade do país era ben distinta á que imaxinaban os visionarios da idea do progreso e, de certo, os camiños de ferro só ían ser un oasis dentro dun deserto precapitalista, *"Verdaderamente respecto de las obras no sé que decir á V. sobre su marcha. Estamos atravesando un temporal que es imposible vencer... Los canteros se detienen aun en sus casas y con justa razon, los peones que en su generalidad son de la provincia de Orense no pueden pasar el río Miño por su constante altura de aguas, en una palabra no se puede hacer nada de provecho... En los tuneles se trabaja regularmente... mas sin asentar fabrica por que no se puede con los caminos como estan, transportar la piedra"*<sup>63</sup>. É dicir, mentres se emprendía a construción do tendido férreo non existían pontes sobre o Miño e os camiños atopábanse nun estado tan deplorable que imposibilitaban os traballos nos chuviosos invernos galegos.

Sen embargo, sendo unha traba moi importante o mal estado das comunicacións, máis grave e estrutural era a permanente ausencia de operarios que sufrían as obras. Ese era o problema clave ó que se tiñan que enfrontar xefes de sección e contratistas. E é que os campesiños das zonas que atravesaba a vía tiñan as súas prioridades ben claras e só acudían ás peonaxes nos momentos nos que os seus seculares traballos labregos lle deixaban algún oco libre, moi probablemente pola ausencia de salarios elevados que favorecesen a súa saída do campo<sup>64</sup>.

Non resulta estraño que neste contexto Elduayen tivese ben claro a quen acudir para lograr man de obra, recomendándolle os seus contratistas que acudisen ós pazos e ás parroquias para conseguir que os campesiños traballasen para a MZOV, xa que aínda *"reconociendo sus problemas en la construcción de la linea en ese punto (entre as actuais comarcas do Ribeiro e A Paradanta) no es menos cierto qe. conoce a las personas a visitar"*<sup>65</sup>.

Como conclusión, semella evidente que o elduayenismo xurde fortemente vinculado ós negocios ferroviarios do seu patrón na MZOV, identificándose o seu activismo político e a súa procura de beneficios económicos privados a través da especulación ferroviaria. A fracción social que ten unha maior representación dentro do clientelismo conservador

---

<sup>63</sup>De Dámaso Pérez a José Elduayen. 15-II-1872. Vall. 5. A.M.V.

<sup>64</sup>Escollemos como representativa a seguinte cita *"las noticias que tengo que dar a V. referentes al progreso de estas obras durante la 1ª 15ª de Abril son de escaso interes por la falta de operarios con motivo de la semana santa, la siembra del maíz y lino y algunos dias de llubias que han impedido trabajar"* De Bernardo Pérez a José Elduayen. 15-IV-1871. Vall. 4. A.M.V.

elduayenista era a dos “*profesionais*”, mais hai que destacar a coincidencia de intereses políticos entre os antigos señores, os profesionais liberais e a alta burguesía capitalista. Atopámonos ante unha organización política que non responde para nada ós esquemas que falan da existencia dun conflito de clases entre os grupos rendistas pasivos e a burguesía emerxente; máis ben temos un grupo que, como a sociedade na que desenvolvía as súas actividades, estaba dominado por estruturas segmentais. A función principal do patrón político era ser unha fonte de favores. Estes, no noso caso, proviñan dos seus contactos estratéxicos con aquelas institucións estatais que posuían recursos (intermediación), cun claro dominio da Administración Civil. Isto pódese relacionar coa inexistencia de burocracia, xa que os membros da administración do Estado non debían o seu posto a criterios fundados na racionalidade e apoiados na súa preparación, eficiencia ou experiencia senón á súa pertenza directa ou aceptación indirecta das redes de dominación social creadas polo clientelismo. Nas eleccións decimonónicas o importante era a negociación previa entre os distintos grupos faccionais para colocar ós seus candidatos, xa que no transcurso desta saen a relucir o poder co que contaba cada unha das clientelas; as relacións de colaboración, neutralidade ou conflito e, en último termo, o proceso de realñamento das clientelas en partidos políticos en función dos resultados acadados durante a negociación/conflicto, co que queda debuxado o mapa do poder provincial. Por último, pór de manifesto as dificultades da MZOV para desenvolver as súas actividades, plenamente capitalistas, nunha realidade dominada por unha estrutura social directamente saída do Antigo Réxime.

## **APÉNDICE PROSOPROGRÁFICO.**

-JOSÉ ELDUAYEN. (1823-1898).

Nomeado marqués do Pazo de la Merced por Real Decreto do 19 de xaneiro de 1875. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos chega a Pontevedra no 1855 para dirixir o Servicio de Obras Públicas. Antes estivera encargado das obras do ferrocarril de Langreo a Xixón. Pronto forma ó seu arredor un grupo con intereses comúns referidos principalmente ás actividades especulativas desenvoltas en torno á compañía encargada da construción do ferrocarril de Medina do Campo a Zamora e de Ourense a Vigo. No ano 1860 foi xefe de construcións civís no ministerio de Gobernación e rematou en Vigo o proxecto de ferrocarril de Vigo a Ourense. Politicamente sitúanse no moderantismo. En 1856 foi por primeira vez deputado por Vigo. Íntimo colaborador de Cánovas desde os tempos do Sexenio foi ministro de Facenda no

---

<sup>65</sup>De José Elduayen a Joaquín Vázquez de Puga. s/f. Vall. 4. A.M.V.



gobierno formado por Serrano no 1872, así como vicepresidente do Congreso. Durante a Restauración, sempre baixo maiorías Liberal-Conservadoras, vémosto como gobernador do Banco de España e do Banco Hipotecario, gobernador civil de Madrid e ministro de Ultramar (1878-1879), Estado (1880, 1884 e 1896) e Gobernación (1890-1892). No 1883 foi nomeado senador vitalicio, chegando a presidir dita Cámara. Morto Cánovas mantén, contra Silvela, a necesidade de non introducir cambios no conservadurismo. Deputado a Cortes varias veces polo distrito de Vigo, cando foi nomeado senador fixo elixir ó seu xenro, o marqués de Mochales e Casa Pavón (1884 e 1886; tamén nos consta que de 1896 a 1899 foi deputado polo distrito de Cambados), e ó seu fillo, Ángel Elduayen y Mathet (1891; desde as seguintes eleccións deputado por Lalín).

#### -JOAQUÍN VÁZQUEZ DE PUGA.

Destacado político unionista durante os anos nos que reinou Isabel II. Foi deputado provincial polo distrito de A Cañiza en 1856. O seu poder baseábase no control que tiña sobre esa zona, pondo a disposición de Elduayen no Sexenio as súas propias redes clientelares para que este se sentase nas Cortes. En 1872 foi elixido senador por Pontevedra, axudado polo elduayenismo. Foi un importante propietario, tendo unha participación subliñable na desamortización, adquirindo na provincia de Ourense rendas forais por un valor de 658.150 rs. das casas matrices de Melón e Oseira (1849) e do priorato de Reza do mosteiro de Melón (1850) -esta información foinos proporcionada por Luís Domínguez Castro-. Ademais, atopámolo como contratista da MZOV, co que, de seguro, lle foron retribuídos os seus servicios electorais.

#### -VÍCTOR NOBOA LIMESES.

Era o home de Elduayen en Pontevedra ata a década dos oitenta, cando o substituíu Sabino González Besada. Foi deputado provincial en numerosas ocasións (polo distrito de Pontearreas en 1871; por A Cañiza en 1872 e por Redondela-Pontecaldelas en 1894), desempeñando tamén o cargo de gobernador civil (1879).

#### -SABINO GONZÁLEZ BESADA.

Membro dunha familia de importantes políticos. Xa en 1850 aparece vinculado á administración, sendo oficial e secretario do goberno civil e da deputación, e tamén ó mundo xurídico, xuíz de primeira instancia en Caldas e Pontecaldelas. Avogado, era delegado da MZOV a principios do Sexenio. Tanto el como o seu irmán Basilio, pai do personaxe da

familia que lograra máis significación política a nivel nacional, Augusto González Besada, formaron parte do núcleo de inversores da MZOV. Practicamente nunca vai deixar de formar parte da Deputación Provincial de Pontevedra como deputado por varios distritos (Pontevedra en 1871; A Estrada en 1873, 1877 e 1878 e por Pontearreas-A Cañiza en 1886 e 1896). Gobernador civil en 1884-85 e 1890-1892, por entón era o home de confianza de Elduayen na provincia. Seu sobriño Augusto foi gobernador civil de 1895 a 1897. Sabino González Besada morreu en xullo de 1898.

#### -ANTONIO LÓPEZ DE NEIRA.

Nado en Sober (Lugo) chegou á cidade de Vigo como empregado de comercio conseguindo converterse nun dos seus principais industriais. No 1874 xa era concelleiro do concello de Vigo. Era frecuentemente deputado provincial (por Vigo en 1877 e 1878 e por Redondela-Pontecaldelas en 1882-1890, 1896 e 1905-1911). En 1897 foi elixido alcalde de Vigo. De 1905 a 1909 atopámolo como presidente da Deputación Provincial. Desde o punto de vista comercial e industrial foi moi activo e estivo na vangarda, sobre todo no referente á electricidade. Participou en varias iniciativas industriais, destacando a fábrica de papel con Antonio Sanjurjo. Tamén estivo presente no negocio do transporte marítimo. Era o representante da Compañía Trasatlántica, que absorbera a súa propia pequena compañía. Ademais foi conselleiro do Banco de España en Vigo.

#### -MANUEL RODRÍGUEZ CADABAL.

Como González Besada avogado. Varias veces deputado provincial polo distrito de Vigo-Tui (1884, 1888 e 1892). Nos noventa foi representante legal e administrador xeral de Fernando Quiñones de León, xenro de Elduayen e usufrutuário da Casa de Valladares, un dos principais patrimonios rendistas do sur da provincia de Pontevedra.

### **BIBLIOGRAFÍA CITADA.**

-AGUIRRE, M. E., 1981, “El sistema caciquil en España (1876-1923)”, *Arbor*, 430.

-ALBUERA GUIRNALDOS, A., 1990, “El cesante: análisis de un <<tipo>> social del siglo XIX”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 12.

-ANGUERA, P., 1985, *Propaganda política i processos electorals al Baix Camp: 1869-1873*, Reus, Associació d'estudis reusencs.

- ARDIT LUCAS, M., 1993, “Señores y vasallos en el siglo XVIII valenciano”, en SARASA SERRANO, E. e SERRANO MARTÍN, E., (eds.), 1993, *Señorío y feudalismo en la Península Ibérica (ss. XII-XIX)*, Zaragoza.
- ARIAS CASTAÑÓN, E., 1990, “Expectativas y limitaciones de la democracia en la Sevilla del Sexenio (1868-1874)”, *Espacio, Tiempo y Forma*, 3.
- ARTOLA, M., 1978, “Introducción”, en ARTOLA, M., 1978, *Los ferrocarriles en España, 1844-1943*, 2 vol., Madrid, Servicios de Estudios del Banco de España.
- 1991, *Partidos y programas políticos, 1808-1936. 1. Los partidos políticos*, Madrid, Alianza Editorial.
- BAHAMONDE MAGRO, A., 1976, “Contribución al estudio del fraude electoral en un distrito urbano: las elecciones de 1869 en Madrid”, *Hispania*, 134.
- BAHAMONDE MAGRO, A. e MARTÍNEZ, J. A., 1994, *Historia de España. Siglo XIX*, Madrid, Cátedra.
- BALDO, M., 1995, “Las raíces sociales de la Revolución Gloriosa. Reflexiones para un debate”, en DONÉZAR, J. M., e PÉREZ LEDESMA, M., (eds.), *Antiguo Régimen y liberalismo. Homenaje a Miguel Artola. 2. Economía y sociedad*, Madrid, Alianza-Universidad Autónoma de Madrid.
- BANTI, A. M., 1995, “Contrappunti”, *Storica*, 1.
- BARRAL MARTÍNEZ, M. e GARCÍA LÓPEZ, E., 1999, *Discursos parlamentarios de Montero Ríos na restauración borbónica (1874-1923)*, Santiago, EGAP.
- BOISSEVAIN, J., 1974, *Friends of Friends. Network, Manipulators and Coalitions*, Oxford, Basil Blackwell.
- CARDESÍN LAGO, J. M. e LAGO PEÑAS, P., 1992, “Repensando el caciquismo: Espacio político y agencia social en la Galicia de la Restauración”, *Historia y Crítica*, nº. 2, Santiago de Compostela.
- CARMONA BADÍA, X., 1979, voz “Ferrocarril” da *Gran Enciclopedia Galega*, tomo XII.
- 1990, *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1975-1900)*, Barcelona, Ariel.
- CASARES ALONSO, A., 1973, *Estudio Histórico-Económico de las construcciones ferroviarias españolas en el siglo XIX*, Madrid, Instituto Iberoamericano de Desarrollo Económico.
- CASTRO PÉREZ, F., 1999, “Elites locales y clientelismo político. El Partido Liberal-Conservador en el distrito de Vigo a finales del siglo XIX”, *Minius*, VII.

- COMÍN COMÍN, F. et all, 1997, *Historia de la Hacienda Pública II: España (1808- 1995)*, Crítica.
- COMÍN COMÍN, F.; MARTÍN ACEÑA, P.; MUÑOZ RUBIO, M. e VIDAL OLIVARES, J., 1998, *150 Años de Historia de los Ferrocarriles Españoles, vol. I-II*, Madrid, Fundación de los Ferrocarriles Españoles y Grupo Anaya.
- DE LA FUENTE MONGE, G. L., 1996, “Élite política y clientelismo durante el Sexenio Democrático (1868-1874)”, en ROBLES EGEA, A., 1996, *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI.
- DURÁN, J. A., 1979, voz “Montero Ríos, Eugenio”, da *Gran Enciclopedia Galega*, tomo XXI.
- DURÁN DE LA RÚA, N., 1979, *La Unión Liberal y la modernización de la España isabelina. Una convivencia frustrada, 1854-1868*, Madrid, Akal.
- DURAND, Y., (dir.), 1981, *Hommage à Roland Mousnier. Clientèles et fidélités en Europe à l`époque moderne*, París, PUF.
- EISENSTADT, S. N., 1984, *Patrons, Clients and Friends*, Cambridge, Cambridge University Press.
- ESTEBÁN NAVARRO, M. A., 1994, “De la esperanza a la frustración, 1868-1873”, en TOWNSON, N., (ed.), *El republicanismo en España (1830-1977)*, Madrid, Alianza Editorial.
- FIESTAS LOZA, A., 1997, “Justicia y amigos políticos en el siglo XIX”, en ALVARADO, J., (coord.), 1997, *Poder, economía, clientelismo*, Madrid, Marcial Pons.
- FONTANA, J., 1973, *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*, Barcelona, Ariel.
- FORCADELL ÁLVAREZ, C., 1996, “De la Revolución democrática a la Restauración: el horizonte de una historia social”, en MORALES MOYA, A. e ESTEBÁN DE VEGA, M., (eds.), 1996, *La historia contemporánea en España*, Salamanca, Ediciones Universidad.
- FUSI AIZPURÚA, J. P., 1994, “Centralismo y localismo: la formación del estado español”, en GORTÁZAR, G., (ed.), 1994, *Nación y Estado en la España liberal*, Madrid, Noesis.
- GELLNER et all, 1986, *Patronos y clientes*, Madrid, Júcar.
- GÓMEZ MENDOZA, 1982, *Ferrocarriles y cambio económico en España, 1885-1913*, Madrid, Alianza Editorial.
- 1984-1985, *Ferrocarril y mercado interior en España, 1874-1913*, 2 vols., Madrid, Servicio de Estudios del Banco de España.
- 1989, *Ferrocarril, industria y mercado en la modernización de España*, Madrid, Espasa.

- 1992, “La modernisation des transports dans la Péninsule Ibérique au XIX<sup>ème</sup> siècle”, *Histoire, Économie e Societé*, nº. 1.
- GONZÁLEZ PORTILLA, M., 1995, *Ferrocarriles y Desarrollo. Red y mercados en el País Vasco, 1856-1914*, Bilbao, Servicio Editorial da UPV.
- HENNESSY, C. A. M., 1966, *La República Federal en España. Pi y Margall y el movimiento republicano federal. 1868-1874*, Madrid, Aguilar.
- HERNÁNDEZ SEMPERE, J. M., 1983, *Ferrocarriles y capitalismo en el País Valenciano, 1843-1879*, Valencia, Ayuntamiento.
- HERNÁNDEZ SEMPERE, J. M. e VIDAL OLIVARES, J., 1991, “Infraestructura viaria y ferrocarriles en la articulación del espacio económico valenciano, 1750-1914”, *Hispania*, nº. 177.
- JANUÉ, M., 1996, “El Sexenni Revolucionari a Barcelona (1868-1873): contradiccions internes y aclaraments amb l’Estat”, *L’avenç*, 203.
- JOVER ZAMORA, J. M., 1981, “<<Era isabelina>> y <<Sexenio democrático>>. La continuidad del proceso, 1834-1874”, en JOVER ZAMORA, J. M., 1981, (dir.), *Historia de España. La era isabelina y el Sexenio Democrático (1834-1874)*, t. XXXIV, Madrid, Espasa.
- 1991, *La civilización española a mediados del siglo XIX*, Madrid, Espasa.
- JUEZ GONZALO, E-P., 1992, *El mundo social de los ferrocarriles españoles de 1857 a 1917*, Madrid, Universidad Complutense.
- 1994, “Els ferrocarrils: empresa y servei”, *L’avenç*, 180.
- LACOMBA, J. A., 1973, *La y República. El transfondo de una revolución fallida*, Madrid, Guadiana.
- LANDÉ, C., 1973, “Networks and groups in Southeast Asia”, *American Political Science Review*, núm. 67 (1).
- LEGG, K., e LEMARCHAND, R., “Political Clientelism and Development. A Preliminary Analysis”, *Comparative Politics*, núm. 4 (2).
- MÁIZ SUÁREZ, R., 1996, “Estrategia e institución: El análisis de las dimensiones *macro* del clientelismo político”, en ROBLES EGEA, A., 1996, *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI.
- MANN, M., 1997, *Las fuentes del poder social II. El desarrollo de las clases y los estados nacionales*, Madrid, Alianza Editorial.
- MENÉNDEZ, F. e CORDERO, R., 1978, “El sistema ferroviario español”, en ARTOLA, M., 1978, *Los ferrocarriles en España, 1844-1943*, Servicios de Estudio del Banco de España, Madrid.

-MORENO LUZÓN, J., 1996, “<<El poder público hecho cisco>>. Clientelismo e instituciones políticas en la España de la Restauración”, en ROBLES EGEA, A., 1996, *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI.

-1997, “El conde de Romanones y el caciquismo en Castilla (1888-1923)”, *Investigaciones Históricas*, 16.

-MUSELLA, L., 1994, *Individui, amici, clienti. Relazioni personali e circuiti politici in Italia meridionali tra otto e novecento*, Bologna, il Mulino.

-OLSON, M., 1992, *La lógica de la acción colectiva*, México, Limusa.

-ORMAECHEA, A. M., 1989, *Ferrocarriles en Euskadi, 1855-1936*, Bilbao, Eusko Trenbideak/Ferrocarriles Vascos.

-ORTÍ, A., 1975, “Estudio introductorio”, en COSTA, J., 1975, *Oligarquía y caciquismo como la forma actual de gobierno en España: urgencia y modo de cambiarla*, 2v., Madrid, Ediciones de la Revista del Trabajo.

-PAN MONTOJO, J. L., 2000, “Eduardo Cobián y Roffignac: la transacción como política”, VV.AA., 2000, *La hacienda desde sus ministros. Del 98 a la guerra civil*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.

-PAPADOULOS, Y., 1993, “El clientelismo político”, conferencia pronunciada en el curso de verano *El clientelismo político. Perspectivas desde la actualidad*, Baeza, Universidad Autónoma Antonio Machado, 23-27 de agosto.

-PÉREZ GARCÍA, J. M., 1995, “El parlamentarismo español en el Sexenio Democrático”, *Hispania*, 189.

-PÉREZ PICAZO, M. T., e LEMEUNIER, G., 1986, “Forme di potere locale nella Spagna moderna e contemporanea: dalle fazione al cacichismo nel regno di Murcia (secoli XVI-XIX)”, *Cheiron*, 5.

-POSE ANTELO, J. M., 1982, “Aproximación histórica a los ferrocarriles gallegos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 98.

-PRO RUIZ, J., 2000, “Gabino Bugallal y la Hacienda española en la crisis de la Restauración”, VV.AA., 2000, *La Hacienda desde sus ministros. Del 98 a la guerra civil*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.

-QUINTANA GARRIDO, X. R., 1986, “Reflexións históricas no centenario da integración de Galicia na rede ferroviaria española (1883-1983)”, *Boletín Auriense*, XVI.

-1991, “Industria y ferrocarril en el siglo XIX”, *Historia de Galicia de Faro de Vigo*, fascículo 41.

-QUINTANILLA RASO, M. C., 1997, “Facciones, clientelas y partidos en España en el tránsito de la Edad Media a la Modernidad”, en ALVARADO, J. (coord.), 1997, *Poder, economía, clientelismo*, Madrid, Marcial Pons.

-RANZATO, G., 1987, *La aventura de una ciudad industrial. Sabadell entre el Antiguo Régimen y la modernidad*, Barcelona, Eds. 62.

-RIQUER I PERMANYER, B. de, 1985, “Burguesos, políticos y cacics a la Catalunya de la Restauració”, *L'Avenç*, nº. 85.

-1996, “Nacionalidades y regiones. Problemas y líneas de investigación en torno a la débil nacionalización española del siglo XIX”, en MORALES MOYA, A. e ESTEBÁN DE PUGA, M., (eds.), 1996, *La historia contemporánea en España*, Salamanca, Universidad.

-SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., 1985, “Comunidades campesinas, jurisdicciones e partidos en Galicia na Idade Moderna”, *Revista de Administración Pública*, nº. 2.

-SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, J., 1994, *Historia de las instituciones político-administrativas contemporáneas (1808-1975)*, Madrid, Dykinson.

-SÁNCHEZ-AGESTA, L., 1964, *Historia del constitucionalismo español*, Madrid, Instituto de Estudios Políticos.

-SÁNCHEZ MARROYO, F., 1993, “Los notables y el control político. Las elecciones parlamentarios en Extremadura durante la Restauración (1876-1886)”, *Investigaciones Históricas*, 13.

-SCHMIDT, S. W.; SCOTT, J. C.; LANDÉ, C. e GUAISTI, L. (comps.), 1977, *Friends, Followers and Factions. A Reader in Political Clientelism*, Berkeley, University of California Press.

-SIERRA ALONSO, M., 1992, *La familia Ybarra, empresarios y políticos*, Sevilla, Muñoz, Moya y Montraveta editores.

-1993, “Clientes, caciques y notables políticos: mecanismos de control electoral en la Sevilla de la Restauración”, *Trocadero. Revista de Historia Moderna y Contemporánea*, 5.

-1996, “La política del pacto. El sistema de la Restauración a través del partido conservador sevillano (1874-1923)”, Sevilla, Diputación.

-TEDDE DE LORCA, P., “Las compañías ferroviarias en España (1855-1935)”, en ARTOLA, M., 1978, *Los ferrocarriles en España, 1844-1943*, Madrid, Servicio de Estudios del Banco de España.

-TORTELLA CASARES, G., 1982, *Los orígenes del capitalismo en España*, Madrid, Tecnos.

- 1993, “La economía española, 1830-1900”, en TUÑÓN DE LARA, M., (dir.), *Revolución burguesa, oligarquía y constitucionalismo (1834-1923)*, tomo VIII da Historia de España, Barcelona, Labor.
- TUSELL, J., 1976, *Oligarquía y Caciquismo en Andalucía (1890-1923)*, Barcelona, Planeta.
- 1994, *Antonio Maura. Una biografía política*, Madrid, Alianza Universidad.
- VALLEJO POUSADA, R., 2000, “Augusto González Besada y Mein: un ministro de asuntos económicos (1865-1919)”, en VV.AA., 2000, *La Hacienda desde sus ministros. Del 98 a la guerra civil*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.
- VEIGA ALONSO, X. R., 1994, “1857-1861: os anos decisivos. Cando Galicia quixo ter ferrocarril”, *Asociación Galega de Historia*, Historia Nova II, Noia (A Coruña), Sementeira.
- 1996, *Progreso, prensa e ferrocarrís en Galicia. A actividade do Conde de Pallares (1855-1883)*, Lugo, Servicios de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.
- 1997, “Parentes, amigos e favores. As redes informais do caciquismo”, en FERNÁNDEZ PRIETO, L. *et all*, (coords.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia-USC.
- 1999, *O conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908. Aproximación ó activismo das elites na Galicia decimonónica*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- VILAR, P., 1958, *Histoire de l'Espagne*, París, Presses Universitaires de France.
- VILLACORTA BAÑOS, F., 1989, *Profesionales y burócratas. Estado y poder corporativo en la España del siglo XX, 1890-1923*, Madrid, Siglo XXI.
- WAIS SAN MARTÍN, F., 1967, *Historia general de los ferrocarriles españoles, 1830-1941*, Madrid, Editora Nacional.
- WOLF, F. R., 1980, “Relaciones de parentesco, de amistad y de patronazgo en las sociedades complejas”, en BANTON, M., (comp.), *Antropología social de las sociedades complejas*, Madrid.
- YANINI, A., 1984, *El caciquismo*, Valencia, Universidad de Valencia.
- ZUCKERMAN, A., 1986, “La política de clientelas en Italia”, en GELLNER *et all*, 1986, *Patronos y clientes*, Madrid, Júcar.
- ZURITA ALDEGUER, R., 1994, “La natura del potere politico nella Spagna della Restaurazione (1875-1902): un bilancio storiografico”, *Quaderni Storici*, 87.



## DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS

### ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información simétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
2. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información asimétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
3. *Modelos empíricos de oligopolio: una revisión.* (María Consuelo Pazó Martínez).
4. *El Análisis económico de los procesos de urbanización.* (Olga Alonso Villar).
5. *Optimal Tariffs When Production is fixed.* (José Méndez Naya; Luciano Méndez Naya).
6. *Reglas de clasificación discriminante: aplicación a la vivienda.* (Raquel Arévalo Tomé).
7. *Estructura demográfica y sistemas de pensiones. Un análisis de equilibrio general aplicado a la economía española.* (María Montero Muñoz).
8. *Spatial distribution of production and education.* (Olga Alonso-Villar).
9. *Diferencias salariales y comportamiento no competitivo en el mercado de trabajo en la industria española.* (Víctor Manuel Montuenga, Andrés E. Romeu Santana, Melchor Fernández Fernández).
10. *GPs' Payment Contracts and their Referral Policy.* (Begoña García Mariñoso e Izabela Jelovac).
11. *Una nueva matriz de contabilidad social para España: la SAM-90.* (Melchor Fernández e Clemente Polo).
12. *Money and Business Cycle in a Small Open Economy.* (Eduardo L. Giménez e José María Martín-Moreno).
13. *Endogenous Growth With Technological Change: A Model Based On R&D Expenditure.* (M<sup>a</sup> Jesús Freire-Serén).
14. *Productive Public Spending in a Balassa-Samuelson Model of Dual Inflation.* (José María Martín-Moreno e Jorge Blázquez).
15. *Efficient Allocation of Land between Productive Use and Recreational Use.* (Eduardo L. Giménez, Manuel González Gómez).
16. *Funcional Forms, Sampling Considerations and Estimation of Demand for Protected Natural Areas: The Cíes Islands Case Study in Galicia (Spain).* (Manuel González Gómez, Philippe Polomé e Albino Prada Blanco).
17. *Innovación e Comercio: Estimación dun Modelo Dinámico de Datos de Panel con Coeficientes Heteroxéneos.* (Xulia Guntín Araujo).
18. *Disparidades regionales en la tasa de paro: el papel del mecanismo de determinación salarial.* (Roberto Bande e Melchor Fernández, Víctor M. Montuenga).
19. *Restructuring or delegating: which is better?* (Manel Antelo, and Lluís Bru)

### ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

1. *Economía de Mercado e Autoxestión: Sociedades Anónimas Laborais do Sector Industrial en Galicia.* (Xosé Henrique Vázquez Vicente).
2. *Fecundidade e Actividade en Galicia, 1970-1993.* (Xoaquín Fernández Leiceaga).
3. *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia.* (Xoaquín Álvarez Corbacho).
4. *A industria conserveira: Análise económica dunha industria estratéxica en Galicia. 1996.* (José Ramón García González).
5. *A contabilización física dos fluxos de enerxía e materiais.* (Xoan Ramón Doldán García).
6. *Indicadores económico-financieros estratificados do sector industrial conserveiro en Galicia. 1993-1996.* (José Ramón García González).
7. *A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
8. *O benestar-renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
9. *El fraccionamiento del periodo impositivo en el IRPF Español y la decisión temporal de casarse.* (Jaime Alonso, Xose C. Álvarez, Xose M. González e Daniel Miles).
10. *Análise dos inputs intermedios, primarios e da formación bruta de capital fixo no sector mitícola galego.* (Gonzalo Rodríguez Rodríguez).

#### ÁREA DE HISTORIA:

1. *Aproximación ao crédito na Galiza do S. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla.* (Francisco Xabier Meilán Arroyo).
2. *Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal.* (Carmen Espido Bello).
3. *Pensamento económico e agrarismo na primeira metade do século XX.* (Miguel Cabo Villaverde).
4. *Civilizar o corpo e modernizar a vida: ximnasia, sport e mentalidade burguesa na fin dun século. Galicia 1875-1900.* (Andrés Domínguez Almansa).
5. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* (Guillermo Márquez Cruz).
6. *Perfil do propietario innovador na Galicia do século XIX. Historia dun desencontro.* (Xosé R. Veiga Alonso).
7. *Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.* (Antonio Bernárdez Sobreira).
8. *Los estudios electorales en Galicia: Una revisión bibliográfica (1876-1997).* (Ignacio Lago Peñas).
9. *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural.* Carballo, 1880-1936. (Silvia Riego Rama).
10. *As Primeiras Eleccións do Estatuto Real na Provincia de Lugo.* (Prudencio Vivero Mogo).
11. *Galicia nos tempos de medo e fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959.* (Raúl Soutelo Vázquez).
12. *Organización e mobilización dos traballadores durante o franquismo. A folga xeral de Vigo do ano 1972.* (Mario Domínguez Cabaleiro, José Gómez Alén, Pedro Lago Peñas, Víctor Santidrián Arias).
13. *En torno ó elduayenismo: reflexións sobre a política clientelista na provincia de Pontevedra. 1856-1879.* (Felipe Castro Pérez).

#### ÁREA DE XEOGRAFÍA:

1. *A industria da lousa.* (Xosé Antón Rodríguez González; Xosé M<sup>a</sup> San Román Rodríguez).
2. *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* (Jesús M. González Pérez; José Somoza Medina).
3. *Estructura urbana da cidade da Coruña, os barrios residenciais: o espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria.* (M<sup>a</sup> José Piñeira Mantiñán; Luis Alfonso Escudero Gómez).
4. *As vilas e a organización do espacio en Galicia.* (Román Rodríguez González).
5. *O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia.* (Alejandro López González).
6. *A mortalidade infantil no noroeste portugués nos finais do século XX.* (Paula Cristina Almeida Remoaldo).
7. *O casco histórico de Santiago de Compostela, características demográficas e morfolóxicas.* (José Antonio Aldrey Vázquez; José Formigo Couceiro).
8. *Mobilidade e planificación urbana en Santiago de Compostela: cara a un sistema de transportes sustentable.* (Miguel Pazos Otón).
9. *A produción de espacio turístico e de ocio na marxe norte da ría de Pontevedra.* (Carlos Alberto Patiño Romarís).
10. *Desenvolvemento urbano e difusión xeolingüística: algúns apuntamentos sobre o caso galego.* (Carlos Valcárcel Riveiro).

#### ÁREA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN

1. *Estudio Comparativo das Bases de Datos: Science Citation Index, Biological Abstracts, Current contents, Life Science, Medline.* (Margarida Andrade García; Ana María Andrade García; Begoña Domínguez Dovalo).
2. *Análise de satisfacción de usuarios cos servicios bibliotecarios da Universidade na Facultade de Filosofía e CC. da Educación de Santiago.* (Ana Menéndez Rodríguez; Olga Otero Tovar; José Vázquez Montero).

❖ Tódolos exemplares están dispoñibles na biblioteca do IDEGA, así como na páxina WEB do Instituto (<http://www.usc.es/idega/>)

## **NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:**

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s, correo electrónico e institución/s ás que pertence o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado 1,5 con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word(Office 97) para Windows 9x, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.